

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 26 DE XULLO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

**POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO
POPULAR**

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

López-Chaves Castro, Ignacio J.
Porro Martínez, M^a Corina

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira,

Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a M^a Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Están ausentes os concelleiros Sr. López-Chaves Castro e Sra. Porro Martínez. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

0.-(125).- ACORDO ORGANIZATIVO

PROPOSTA NOMEAMENTO MEMBROS INTEGRANTES DA COMISIÓN DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de xullo de 2011, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

“De conformidade co sinalado no artigo 3.4 do Regulamento orgánico da Comisión especial de suxestións e reclamacións e do Valedor do Cidadán, BOP núm. 231 do 30.11.2004, o nomeamento dos membros da Comisión especial de Suxestións e reclamacións corresponde ao Pleno, designación que se fará ao inicio de cada mandato segundo a proposta de adscrición do voceiro de cada grupo, podéndose designar así mesmo un suplente por cada titular.

Constando a adscrición efectuada polos voceiros de cada un dos grupos políticos, procede que por esta Alcaldía se formule ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar como membros da Comisión especial de Suxestións e Reclamacións, de conformidade coas propostas formuladas polos voceiros dos

S. Ordinaria 26.06.11

distintos grupos políticos municipais:

En representación do grupo político municipal do Partido Popular:

- Titular: D^a Teresa Egerique Mosquera
- Suplente: D. Antonio Bernárdez de Dios

En representación do grupo político municipal do Partido Socialista:

- Titular: D. Angel Rivas González
- Suplente: D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

En representación do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego:

- Titular: D^a Iolanda Veloso Ríos
- Suplente: D. Santiago Domínguez Olveira

Segundo.- A citada comisión rexerase no seu funcionamento polo disposto no Regulamento orgánico da Comisión especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadá.”

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia, relativa ao nomeamento de membros da comisión de Suxestións e Reclamacións co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

1.- ACTAS ANTERIORES.

Non se presentan.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formulan.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN

3.1.- (126).-RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN FORMULADA POR D^a ISAURA RODRÍGUEZ NOVOA SOBRE TRAMO DO RAMAL 3 DO CAMIÑO LAGOA-BEADE. EXPTE. 19046/240.

ANTECEDENTES.- Con data 25.03.2011 o xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e así mesmo don concelleiro-delegado de área emite o seguinte informe:

“Primeiro.- Da. Isaura Rodriguez Novoa mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23.09.2010 formula reclamación sobre unha franxa de terreo de tres metros con fronte á casa nº 44 do camiño Lago na parroquia de Beade ó entender que é da súa propiedade.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe da aparelladora municipal de data 19.11.2010.
- Informe do arquitecto de Patrimonio de data 25.01.2011.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 24.02.2011.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O ramal 3 do camiño Lagoa na parroquia de Beade, obxecto da presente reclamación, figura grafiado na folla 19-34 do plano topográfico das vías municipais no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, na súa condición de vía pública integrado na rede viaria municipal, dunha lonxitude de 40 metros e sección media de 5 metros, con inicio no camiño Lagoa e remate en finca particular nº 30, consonte as fichas de características das devanditas vías públicas do Inventario.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do ramal do camiño Lagoa. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local

(artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e prace do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobábase definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, dito ramal do camiño da Igrexa foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que non cabe entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución os tribunais da orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC.

Neste sentido, a controversia céntrase na configuración ou non dese tramo (á

altura do nº 44 do camiño Lagoa), como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata dun ramal que partindo do camiño Lagoa serve de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, onde o tramo reclamado resulta integrado totalmente no ramal, que dispón de pavimento, alumeado público e do servizo de saneamento, atopándose aberto ó uso xeral dos veciños. Por outra banda, de acordo co informado polos servizos técnicos, dito camiño ten fixada alienación no PXOM vixente, concorrendo con isto o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no sentido de que as rectificacións faranse menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); e que o devandito tramo do ramal 3 do camiño Lagoa ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; atopándose na actualidade afectado polas aliñacións no PXOM, podemos concluír a improcedencia dunha rectificación inventarial posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, coma Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

A seguir o técnico asinante formula a proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do 24-05-2011, ditaminou favorablemente o presente asunto.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D^a Isaura Rodriguez Novoa sobre un tramo (á altura do nº 44) do Ramal 3 do

Camiño Lagoa en Beade, ó integrarse nunha vía pública de titularidade municipal e resultar afectada polas aliñacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

3.2.-(127).- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN FORMULADA POR D. JOSÉ CAROLLO RIVEIRO REFERENTE O RAMAL 1 DO CAMIÑO TRONCALES-BEMBRIVE. EXPTE. 18745/240.

ANTECEDENTES.- Con data 24.03.2011 o xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e do concelleiro-delegado de área, emite o seguinte informe:

“Primeiro.- D. Jose Carollo Riveiro presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 01.10.2009 solicitando a desafectación dos 16 m. finais do ramal do camiño Troncales na parroquia de Bembrive, ó considerar que é propiedade privada.

Achega coa solicitude fotocopia dunha escritura pública de compravenda de data 14.08.1974.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 08.04.2010.
- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 17.06.2010.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10.02.2011.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia á Entidade Local Menor de Bembrive e ós propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- D. José Méndez Fernández e D. Germán Vázquez Ferro, en data 09.07.2010, opoñéndose á desafectación solicitada, ao alegar o carácter público de dito ramal 1 do camiño. Troncales que constitúe unha vía de acceso a varias vivendas.

S. Ordinaria 26.06.11

- A Entidade Local Menor de Bembrive en data 09.07.2010 informa que no ano 1986 dita entidade procedeu a executar a obra de pavimentación do camiño sen oposición ningunha á mesma e posteriormente unhas canalizacións de augas de regadío, e que os veciños manifestan que se trata dun camiño de acceso a fincas para os veciños da zona. D. José Manuel Castro Lamas, en data 24.02.2007, manifesta que o camiño é público ou veciñal dende tempo inmemorial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como R-1 do Camiño Troncais na parroquia de Bembrive, con inicio no camiño de Troncais e remate na finca nº 8, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-1 camiño Troncais. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e prace do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto

do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do tramo final do ramal en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, pódese deducir da tramitación do expediente que dito ramal foi asfaltado pola Entidade Local de Bembrive, dispoñendo dunha canalización soterrada para as augas de rega, actuacións levadas a cabo sen oposición dos veciños, sendo utilizado para o acceso as fincas e uso veciñal. Sen embargo dito uso, os informes emitidos no expediente sinalan un erro na lonxitude e sección co que figura dito ramal no IMBD, que aínda que non concorda na súa totalidade co tramo reclamado polo interesado si resulta unha incorrección do IMBD, propoñéndose a súa rectificación coa finalidade de que se reflicte o mesmo tanto nas fichas técnicas como na planimetría municipal de vías cos seguintes datos resultantes das comprobacións feitas: lonxitude 37 metros lineais (na actualidade consta na ficha técnica 40 e na planimetría 45 metros), e unha sección de 3 metros lineais (na ficha técnica consta con 2 metros).

Quinto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa presentada. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

A seguir o técnico asinante do informe formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria de data 24-05-2011 ditamina favorablemente o presente acordo.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da

Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar parcialmente a reclamación administrativa formulada por D. José Carollo Riveiro referente ao Ramal 1 do camiño. Troncales-Bembrive, aprobando inicialmente a rectificación da súa inscrición no Inventario municipal de bens e dereitos, debendo constar no epígrafe I Inmobles-Vías (ficha técnica e folla cartográfica 20-31) cunha lonxitude de 37 metros e unha sección de 3 metros lineais, de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 10.02.2011.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes para os efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.3.- (128).- RECTIFICACIÓN INVENTARIO DE VIAIS: RAMAL 1 DE CHABARRAS.
EXPTE. 1160/244.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 06-06-2011, o xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro-delegado de área, emite o seguinte informe:

“1.- D. Iván Basteiro Davila solicita mediante escrito con entrada no rexistro xeral en data 29/04/2011 a certificación da rectificación do Inventario municipal referente o ramal 1 da rúa Chabarras, consonte o acordado na resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 31.03.2011 (exp. 64712/63992/421).

2º.- Na instrución do expediente foron emitidos os seguintes informes por parte dos técnicos e servizos municipais:

- Arquitecto da Unidade de Patrimonio, de data 02.05.2011.
- Topógrafo municipal da Xerencia de Urbanismo, en data 29.05.2011.

3.- Así mesmo, nos expedientes de licencias tramitados pola Xerencia de

Urbanismo a instancia do interesado e de D. Ubaldo Basteiro Salgado, emitiuse informe polo arquitecto de Patrimonio en relación a dito camiño así como achegouse escrito da AV Beade de data 17.06.2009 considerando que se trata dun camiño público que consta con servizos públicos instalados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión, no epígrafe I de vías públicas, do tramo do camiño en cuestión, en atención o seu uso público, ou pola contra, a pertinencia da rectificación inventarial interesada, e sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan presentarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución á xurisdición civil como reiteradamente ven declarando a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEGUNDO.- Do informado no expediente polo arquitecto de Patrimonio, despréndese que o ramal 1 da Rúa Chabarras obxecto de solicitude pola propiedade interesada, consta rexistrado na ficha de características técnicas do inventario municipal con orixe na Rúa Chabarras e remate en finca particular, cunha lonxitude de 105 metros e sección de 3.80, non concordando sen embargo co grafiado na planimetría das vías públicas municipais ó non figurar grafiado na folla nº 17-33 correspondente, chegándose á conclusión polo arquitecto de Patrimonio da existencia dun erro na planimetría ó tratarse dun camiño que está suficientemente definido no documento principal das fichas de características, dispoñendo de servizos públicos instalados, circunstancia de uso e servizos públicos corroborada pola asociación de veciños.

TERCEIRO.- A teor do exposto dedúcese unha discordancia entre a realidade física e os antecedentes da planimetría municipal de viais, resultante dos datos das fichas de características técnicas e a grafía das vías públicas do Inventario municipal aprobado por acordo plenario de data 4-5-93 procedendo, no presente caso, á súa corrección mediante a grafía na folla topográfica 17-33 das vías públicas dese ramal 1 da rúa Chabarras consonte o plano proposto polo servizo de cartografía de data 29/05/2011 obrante no expediente.

CUARTO.- O Inventario patrimonial das AAPP configúrase como un rexistro administrativo interno de obrigada formación para as AAPP, que non ten a consideración de rexistro xurídico nin público, resultando unha ferramenta de información e axuda para a xestión interna da propia administración. As administracións públicas veñen obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e praxe do Presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

QUINTO.- Así mesmo, o art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC dispón a facultade das administracións públicas para poder rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

A seguir o técnico que asina o informe formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 18 de xullo de 2011, ditamina este asunto favorablemente.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a corrección material dun erro gráfico existente na planimetría de viais públicos do Inventario municipal de bens e dereitos, grafiando na folla cartográfica 17-33, o ramal 1 da rúa Chabarras, con orixe na propia rúa Chabarras e remate en finca particular, e de acordo co plano proposto polo servizo de cartografía de data 29.05.2011.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes para os efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.4.- (129).-RECTIFICACIÓN EPÍGRAFE I VÍAS PÚBLICAS DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS. EXPTE. 19161/240.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 16.06.2011, o xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis da concelleira-delegada de área, informa o seguinte:

S. Ordinaria 26.06.11

“Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993, consta no seu Epígrafe I-Vías Públicas, o camiño. Liñares R-4 na parroquia de San Miguel de Oia, C/Rueiro 14740, con orixe no camiño Liñares e final en finca particular nº 8, e dunha lonxitude de 130 ml (folla cartográfica 7-35).

Segundo.- Por sentenza do 14 de febreiro de 2011 do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Vigo, no Xuízo Ordinario nº 839/10 sobre acción declarativa de dominio exercitada por Da. Ana Iris Hermida Pereira respecto a franxa de terreo que constitúe un camiño privado (correspondéndose co ramal 4 do camiño Liñares, San Miguel de Oia), estimouse a demanda interposta e declarouse que dita franxa de terreo é propiedade da actora, condenando ao Concello de Vigo a estar e pasar por tal declaración e a rectificación do seu Inventario Municipal de Bens, dando de baixa dito ramal 4 do Camiño Liñares na parroquia de San Miguel de Oia. .

Sentenzas de 1ª Instancia da que se deu conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 4 de abril do 2011.

Terceiro.- A teor da declaración de dominio que fai a sentenza a prol do demandante, e que ven afectar a consideración de vía pública que resulta do Inventario municipal do ramal 4 do camiño Liñares, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo a información descritiva e gráfica co que resulta dito camiño trala sentenza ditada, e aos efectos de proceder a súa rectificación inventarial en cumprimento e execución de dita resolución xudicial.

O Topógrafo Municipal, emite informe o pasado 24 de marzo, achegando plano da folla cartográfica 7-35 do Inventario Municipal de Bens-Viais, coa rectificación gráfica de dito ramal resultante.

Cuarto.- Consequentemente co que antecede, e dado o deber das administracións públicas e demais entidades publicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre, co fin de adecuar o inventario municipal de vías públicas á realidade xurídica resultante da sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Vigo, proceder á rectificación inventarial dando de baixa o ramal 4 do Cño. Liñares, e rectificando a grafía da folla 7-35 de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía que consta no expediente.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais.”

De seguido o técnico asinante do informe emite a proposta que se contén na parte dispositiva do presente a cordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 18 de xullo de 2011 ditamina favorablemente.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Primeiro.- Aprobar a rectificación do Epígrafe I Vías Públicas do Inventario Municipal de Bens, dando de baixa o camiño Liñares R-4, na parroquia de San Miguel de Oia (C. Rueiro 14740), con orixe no camiño Liñares e final en finca particular nº 8, dunha lonxitude de 130 ml, e a súa grafía reflectida na folla 7-35 de acordo coa proposta do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 24.03.2011.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, servizos municipais correspondentes e á Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.5.-(130).- DESESTIMACIÓN RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL FORMULADA POR D. JOSÉ VILA FERNÁNDEZ. EXPTE. 18443/240

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xuño de 2011 o xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa da área de Réxime Interior e máis do concelleiro-delegado de Patrimonio, emite o seguinte informe:

“Primeiro.- D. José Vila Fernández mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22/09/2008, solicita a descatalogación do camiño sito a altura do nº 22 da rúa dos Picos en Penís, Cabral ao considerar que se trata dun camiño de paso a fincas e non dun camiño público.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban

S. Ordinaria 26.06.11

adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Arquitecto de Patrimonio, de data 18-04-2011.
- Informe do Servizo Técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 03.05.2011.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 09.05.2011.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 13.05.2011.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 18.05.2011.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O subramal 1 da Rúa Picos R1 en Penís na parroquia de Cabral, obxecto do presente expediente, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal, con orixe na Rúa Picos R1 e remate na Rúa Penís de Abaixo R2, dunha lonxitude de 55 ml e sección de 3 mts.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño á altura do nº 22 da rúa dos Picos en Penís-Cabral. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e prace do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós

interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, a Rúa Picos R1-1 foi considerada vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, o que cabe concluír que concorre no presente caso tendo en conta que se trata dun camiño que se atopa aberto ao uso público, dispoñendo de servizos públicos instalados, e que figura reflectido como tal na cartografía municipal do ano 1985 e 1997, así como no Catastro. Por outra banda, de acordo co informado polos servizos técnicos da Xerencia, dito camiño ten fixada aliñacións no PXOM vixente no seu primeiro tramo ata o nº 24 cun ancho de 8 metros e o resto incluído nun ámbito de solo non consolidado, considerándose a improcedencia da súa descatalogación posto que dito vial atópase contemplado na ficha de sistemas locais existentes como viario e que pola configuración do vial fóra do ámbito se fai necesario o mantemento e consolidación do mesmo.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal do camiño á altura do nº 22 da rúa dos Picos en Penís-Cabral ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos,

tendo prohibido o alleamento fronte ás demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Deseguido, o técnico informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 18-07-2011, ditamina favorablemente.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. José Vila Fernández ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto o subramal 1 da rúa Picos R-1 en Penís, na parroquia de Cabral, recollido no epígrafe I de bens inmoables do Inventario municipal de bens e dereitos.

URBANISMO

3.6.- (131).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA PARA EDIFICIO DA ESCOLA INFANTIL E VIVENDAS NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO (PARCELAS 4.3-IV 3.2). EXPTE. 11660/411.

ANTECEDENTES: Con data 14 de xuño de 2011 o técnico de administración xeral, coa conformidade do arquitecto municipal-director da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo informa do seguinte:

“1.- En data 06.02.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90016489) unha solicitude presentada polo arquitecto ó servizo da Universidade de Vigo (UVI) D. Xosé Carlos Rodríguez Otero, solicitando a tramitación do «Estudo de detalle parcela para edificio escola infantil e vivendas no campus universitario de Vigo»; documento previo á solicitude das correspondentes licenzas. Esa documentación inicial foi posteriormente completada coa achegada, a requirimento municipal, polo Comisionado do departamento técnico de Obras, instalacións e infraestruturas da UVI o 27.04.2010 (Doc. nº 100057356).

2.- En datas 01.06.2010 e 17.09.2010, a arquitecta da Oficina de Planeamento-Xestión emitiu senllos informes sobre esa solicitude sinalando unha serie de aspectos que deberían ser corrixidos e a documentación complementaria que debería achegarse.

3.- En resposta ás notificacións cursadas neste sentido pola Xerencia de Urbanismo, o Director do Departamento Técnico de Infraestruturas da UVI remitiu o 26.07.2010 (Doc. nº 100100635) e o 02.11.2010 (Doc. nº 100139537) a documentación do estudo de detalle de referencia, redactado polo arquitecto Sr. Rodríguez Otero (arq. colexiado nº 1753) e revisado e comprobado pola Unidade Técnica da UVI, incorporando as correccións técnicas solicitadas. A última versión deste estudo de detalle foi presentada pola UVI (Unidade Técnica Vigo e Pontevedra-Universidade de Vigo) no Rexistro xeral da XMU o 26.01.2011, engadíndoselle posteriormente os planos reformados ED06, ED07, ED08 e ED09 (Doc. nº 110016809; Rexistro XMU 11.02.2011).

4.- Unha vez emitidos os respectivos informes técnicos (informe da arquitecta da XMU do 16.02.2011) e xurídico (informe do TAX do 07.03.2011), a Xunta de Goberno Local de data 18.03.2011, por proposta do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do 17.03.2011, adoptou o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 11660/411, aprobar inicialmente o «ESTUDIO DE DETALLE PARCELA PARA

EDIFICIO ESCOLA INFANTIL E VIVENDAS NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO» (Parcelas EN 4.3-IV 3.2), promovido pola Universidade de Vigo en desenvolvemento do Plan especial de equipamento docente e infraestrutura viaria no Campus Universitario de As Lagoas-Marcosende, e redactado polo arquitecto D. Xosé Carlos Rodríguez Otero.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, así como na sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org).

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite».

5.- Publicáronse os correspondentes anuncios no DOG nº 89 do 09.05.2011 e no xornal «Faro de Vigo» do 08.04.2011 e notificouse o acordo ós interesados. Durante o prazo concedido para o efecto e segundo certificación expedida pola secretaria da XMU o 06.06.2011, non se presentou alegación ningunha.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde

Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

- Plan Especial de Equipamento Docente e Infraestrutura Viaria no Campus Universitario de As Lagoas - Marcosende (A.D. 1998; M.P. nº 4, A.D. 26.07.2005; DOG nº 186, do 27.09.2005 e BOP nº 190, do 03.10.2005).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- Establece o art. 73 da LOUGA -e, en termos semellantes, o art. 4.1.3 das NNUU do PXOM- que, en desenvolvemento dos Plans xerais, Plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- b) Ordenar os volumes edificables.
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.

2.- Os estudos de detalle en ningún caso poderán (arts. 73.2 LOUGA e 65 RPU):

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
- f) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- g) Parcelar o solo.
- h) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- i) Establecer novos usos e ordenanzas.

3.- Tocante á documentación esixible para esta clase de instrumentos, o art. 4.1.4 das NNUU do PXOM indica que deberán incluírse, como mínimo, os seguintes planos:

- Plano de situación no termo municipal.
- Plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes, escala mínima 1:500.
- Planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral.
- Planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, escala 1:500.
- Planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ó viario, escala mínima 1:500.
- Cando se modifique a disposición de volumes deberá aportarse así mesmo

un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no Estudo de Detalle.

Ademais, de acordo co previsto no art. 66.1 do RPU, os estudos de detalle conterán tamén unha Memoria xustificada da súa conveniencia e da procedencia das solucións adoptadas.

4.- No caso presente, a proposta de estudo de detalle presentada pola Universidade de Vigo formúlase ó abeiro e en desenvolvemento do Plan Especial de Equipamento Docente e Infraestrutura Viaria no Campus Universitario de As Lagoas - Marcosende (M.P. nº 4), en relación coas parcelas identificadas como EN 4.3 (*“Edificios nueva planta para uso residencial transitorio”*) e *“IV 3.2”* (*“Aparcamiento de nueva planta en áreas vinculadas a la edificación”*), que constitúen o seu ámbito, lindante coa parcela LV 1.1 (*“Suelo nueva creación para espacios verdes y protección”*).

Lémbrese que o vixente PXOM recolle xa o ámbito ordenado por ese Plan Especial como sistema xeral de equipamentos e dotacións comunitarias SX/EQ-DC/C01 CAMPUS LAGOAS-MARCOSENDE.

5.- Informou a arquitecta da XMU que o estudo de detalle presentado ten un dobre obxecto: ordenar os volumes previstos para a parcela EN 4.3 nas determinación do Plan Especial e completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, sendo así que a ordenación proposta: *«non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo, alturas máximas edificables e non altera as condicións urbanísticas das parcelas lindeiras, nin establece novos usos e ordenanzas»*.

6.- Dispón o art. 86.2 da LOUGA que os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia e que, á vista dos resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

7.- Preceptúa o art. 92 da LOUGA (apartados 2, 3 e 4) que o acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

Ademais se, como é o caso, a competencia para a aprobación definitiva lle corresponde ó Concello, aquela será comunicada á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio (CMATI), á vez que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o plan sobre os que recaese o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados pola secretaría, facendo constar dita circunstancia. Lémbrese que a eficacia do acto

de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas ó cumprimento do disposto neste Art. 92 da LOUGA e «*ó que dispoña para o efecto a lexislación reguladora da administración actuante*» (art. 92.4 LOUGA).

8.- A competencia para aprobar definitivamente o estudo de detalle é municipal (art. 89.2 LOUGA), correspondéndolle ó Pleno da Corporación (art. 123.1.i] da LRBRL) previa toma de coñecemento ou ditame polo Consello de Xerencia da XMU (art. 8.m] Estatutos XMU).”

En consecuencia co anterior e coa normativa de pertinente aplicación; en especial, o art. 86.2 da LOUGA, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de xullo de 2011, propón ó Pleno do Concello a aprobación da devandita proposta.

Ao non estar ditaminado o expediente polo Consello da Xerencia de Urbanismo no momento da convocatoria do Pleno da Corporación, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a urxencia da súa inclusión na orde do día.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a urxencia da inclusión do presente expediente na orde do día.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o «Estudo de detalle parcela para edificio escola infantil e vivendas no Campus Universitario de Vigo» (Parcelas EN 4.3-IV 3.2), promovido pola Universidade de Vigo en desenvolvemento do Plan Especial de equipamento docente e infraestrutura viaria no Campus Universitario de As Lagoas-Marcosende, redactado polo arquitecto D. Xosé Carlos Rodríguez Otero.

Segundo.- Publicar no DOG o acordo de aprobación definitiva e no BOP de

Pontevedra o contido normativo do estudo de detalle e notificalo, na forma prevista nos arts. 58 e 59 da LRX-PAC (L.30/1992) ós interesados, con indicación de que contra este acordo só caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á súa notificación. Publicarase tamén na sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Terceiro.- Comunicar este acordo de aprobación definitiva á Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) da Xunta de Galicia, dándolle tamén traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento de planeamento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario o Pleno da Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia doméstica.

5.- MOCIÓNS:

5.1.-(132).- MOCIÓN DO GM DO BNG SOLICITANDO INSTAR DA XUNTA DE GALICIA E DO GOBERNO DO ESTADO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE GARANTAN A VIABILIDADE E O FUTURO DO SECTOR NAVAL E O MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO. (235/1101)

5.4.-(135).- MOCIÓN DO GM SOCIALISTA SOLICITANDO SE INSTE DO GOBERNO

DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DAS MEDIDAS NECESARIAS E URXENTES PARA A RECUPERACIÓN DO SECTOR NAVAL. (253/1101).

5.5.-(136).- MOCIÓN DO GM DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO INSTAR DO GOBERNO DE ESPAÑA AS XESTIÓNS NECESARIAS E MECANISMOS PERTINENTES PARA O PAGAMENTO DOS BENEFICIOS FISCAIS XA DEVENGADOS ÓS ESTALEIROS ESPAÑOIS. (227/1101).

A petición da Alcaldía-Presidencia sométense a debate conxuntamente as tres mocións presentadas polos grupos municipais do BNG, PSdeG-PSOE e PP relativas ao sector naval de Vigo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Pleno do 8 de xullo, número de entrada 235/1101, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formula a seguinte moción:

“O sector naval da Ría de Vigo segue a ser, pese a todos os problemas que ven arrastrando, unha peza clave para o desenvolvemento económico e industrial de Vigo e a súa área de influencia que dá emprego de xeito directo ou indirecto, a través da industria auxiliar, a máis de 10.000 traballadores de Vigo e comarca.

Este sector está a atravesar unha situación de crise que ten a súa última manifestación na decisión da Comisión Europea de paralizar o sistema de contratación con cobertura fiscal (*tax lease*) para o Estado Español, decisión esta a todas luces arbitraria. Neste sentido, en diferentes versións a veñen aplicando distintos países da UE, incluídos algúns dos países denunciante da infracción das normas de competencia.

Esta paralización supón un duro golpe para o sector; golpe que se suma ao proceso de reconversión encuberta na industria do naval e que ocasionou xa unha perda de aproximadamente o 60% dos postos de traballo. Deste xeito, xunto a crise pola que está atravesando derivada da baixada de pedidos, a paralización da chamada *tax lease* ocasiona tamén a imposibilidade de fechar contratos en fase de negociación moi avanzada para a construción de novos buques e ocasiona para os estaleiros da Ría de Vigo e a industria auxiliar nunha situación de quebra técnica con efectos inmediatos.

No pasado os grandes estaleiros, como o caso de Barreras, realizaban o proceso de fabricación de xeito integral. Hoxe as grandes factorías pasaron a traballar nun formato de síntese subcontratando a empresas auxiliares para as distintas fases de fabricación de pezas e procedendo ao ensamblado na empresa matriz, polo que o posíbel concurso de Barreras afecta de xeito directo á industria auxiliar. Polo tanto, o posíbel concurso de acredores de Barreras non é un problema só da empresa matriz senón que as empresas auxiliares están tamén no mesmo barco.

Para facer fronte a esta situación crítica é fundamental que todo o sector do naval estea unido e con eles toda a cidade. Pola súa parte as distintas administracións implicadas, Xunta e Goberno do Estado, deben facer toda a presión política necesaria para que se tomen as medias oportunas que garantan a viabilidade e solvencia da industria naval.

Por todo o exposto o BNG propón que en defensa do noso sector naval, o Pleno da Corporación Municipal adopte os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado que adopten todas as medidas necesarias para garantir a viabilidade e futuro do sector e o mantemento dos postos de traballo.
- 2.- Solicitar ao Goberno do Estado que negocie ante UE o mantemento do *tax lease* na realización de contratos, en tanto non se resolva o procedemento iniciado pola Comisión Europea. Así mesmo, negociar tamén a resolución do procedemento mediante un mecanismo pactado por ambas partes, no que se contemple o carácter estratéxico do sector naval.
- 3.- Apoiar todas as iniciativas e mobilizacións que, en defensa do sector naval, se leven adiante.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e PEMEs, en sesión do día 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Pleno do 18 de xullo, número de entrada 253/1101, o concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“O sector Naval é un dos alicerces da economía de Vigo. Os estaleiros e

empresas auxiliares con ampla tradición e experiencia, son referente en España e Europa.

Tras un proceso de adaptación, no 2008 se alcanza un máximo histórico en actividade emprego, con cerca de 11.000 traballadores nos estaleiros e na industria auxiliar.

A chegada da crise, trae, como consecuencia, unha menor carteira de pedidos, o que, engadido ás dificultades de financiamento, leva consigo, entre outras razóns, a unha situación de dificultades económicas e patrimoniais, e, á súa vez, a perda de numerosos postos de traballo, na actualidade quedan en torno a 2.000, ademais de estar afectados por expedientes de regulación de emprego.

A pesar de todas estas dificultades, o Sector Naval en Vigo está en situación de recobrar a actividade pola súa capacidade, experiencia e especialización. Proba diso, é que na actualidade existe a posibilidade de novos contratos nos estaleiros de Vigo pendentes da súa formalización.

Agora se engade unha nova preocupación, como consecuencia da apertura dun expediente informativo, por parte da Comisión Europea, o que, polo instrumento "*tax lease*", está tendo graves repercusións na industria naval e nos empregos que dependen dela.

O "*tax-lease*", é un instrumento financeiro-fiscal destinado, entre outros, á adquisición de buques nos estaleiros españois e europeos, por parte dos armadores da Unión Europea. Estes instrumentos son habituais nos países europeos ou esquemas similares, polo tanto é un sistema legal.

O expediente aberto por Bruxelas, a través da Dirección Xeral da Competencia, anunciando unha investigación e o bloqueo do "*tax-lease*", condena ao Sector Naval, que é de vital importancia para a economía e o emprego de Vigo, a súa desaparición.

Ante a magnitude do problema, o Goberno de España está traballando ao máis alto nivel para restablecer o "*tax-lease*" ante a Comisión Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación Municipal, os seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a desbloquear, de forma urxente, o instrumento financeiro-fiscal "*tax-lease*", realizando todas as accións que sexan precisas para a súa aplicación inmediata, e pactando unha resolución final entre o Goberno de España e a Unión Europea.

2.- Articular medidas que substitúan o actual sistema polos existentes noutros países da Unión Europea.

3.- Asemade, esixir ao Goberno de España e á Xunta de Galicia, a adopción de

medidas necesarias e urxentes que permitan a recuperación do sector e do emprego.

4.- Amosar o apoio aos traballadores de Sector Naval na defensa do emprego.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e PEMEs, en sesión do día 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Pleno do 18 de xullo, número de entrada 253/1101, o concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“O sector naval amosouse ao longo da historia como un elemento clave na industria viguesa. Os estaleiros da ría son líderes da construción naval privada española, por facturación e tonelaxe.

Vigo concentra gran parte dos 3.500 postos de traballo directos en estaleiros do sector naval, e os 6.500 dos indirectos das industrias auxiliares do sector.

Actualmente o sector naval atópase nunha situación moi difícil como consecuencia dun expediente aberto no seo da Comisión Europea, expediente do que é responsable o socialista español Joaquín Almunia. Así, dende o 1 de xullo o Ministerio de Economía non admite de novo barcos nos estaleiros españois baixo unha fórmula que se chama *tax lease*, de amortización anticipada.

Isto levou a que os estaleiros en España, especialmente os galegos, estean parados á espera dese expediente que pode demorarse moitos meses, coa correspondente perda de postos de traballo na nosa cidade.

Dende a Xunta de Galicia xa se ten esixido ao Goberno Central que faga valer ante as institucións europeas a importancia económica de toda a industria naval galega, coa fin de manter os beneficios fiscais no sector (*tax-lease*); beneficios que atopan diferentes fórmulas noutros territorios europeos.

Do mesmo xeito o Goberno da Xunta mobilizou máis de 80 millóns de euros, e esixe ao Goberno Central que amose o mesmo compromiso na defensa dos intereses do sector naval galego.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Instar ao Goberno do Estado a que faga as xestións necesarias para que se

peche ese expediente aberto fronte á nosa industria e que poña en marcha todos os mecanismos pertinentes para que se pague aos estaleiros españois eses beneficios fiscais que xa se tiñan devengado antes da apertura do expediente.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e PEMEs, en sesión do día 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Se lles parece ben, propoño ós grupos que as mocións 5.1, 5.4 e 5.5 do Grupo do BNG, do Grupo Socialista e do Grupo do Partido Popular, se debatan conxuntamente da seguinte forma: iniciaría o grupo minoritario, grupo do BNG, e logo Grupo Socialista e Grupo Popular con cinco minutos cada un e unha quenda de tres minutos tamén por esta orde para cada un dos tres grupos. Se lles parece conveniente iniciamos por tanto o debate das mocións 5.1, 5.4 e 5.5.

SR. ALONSO PÉREZ: O naval é un sector estratéxico para Galicia e, malia os problemas que ven arrastrando, é unha peza clave para o desenvolvemento económico e industrial da comarca de Vigo. Por iso é moi grave que a Unión Europea pretenda desfacerse deste sector coa complicidade dos gobernos galego e estatal porque os estaleiros galegos sexan un perigoso competidor para algúns países europeos.

Hoxe as grandes factorías pasaron traballar nun formato de síntese subcontratando a empresas auxiliares para distintas fases de fabricación de pezas e procedendo ó ensamblado na empresa matriz. Por iso, cando unha factoría ten problemas como é o caso de Barreras, as auxiliares tamén os teñen. Están todas no mesmo barco, todas teñen o mesmo problema.

Ademais o que hoxe se constrúe é basicamente o casco, que representa o 20% do custe total do buque; o resto, os bens de equipo é o que ten máis valor do barco e outros países especializáronse precisamente en construír eses bens de equipo. Alemaña nestes momentos multiplica por seis o valor de construción de bens de equipo a respecto do Estado Español.

Dende que o PP ten a responsabilidade do goberno galego, paralizou todas as medidas que o goberno anterior iniciara dende a Concellería de Industria. Para o

crecemento e mellora da competitividade, para a mellora do I+D e para aumentar a carga de traballo creou o Centro Tecnolóxico do Naval Galego, CETNAGA, que hoxe está practicamente paralizado. O actual goberno non fai nada para o potenciar.

Para complementar o traballo da construción de buques sería preciso potenciar a transformación e a reparación. Hoxe hai milleiros de barcos parados por necesitaren adecuación a novos usos e reparacións. Por iso é urxente a creación dun centro de reparación na Ría. Está por facer.

O goberno galego, en troques de continuar o traballo do goberno anterior e buscar alternativas e solucións, habilitar liñas especiais de avais que permitan o financiamento que faga viable o sector, dedícase a poñer atrancos. Aí está a paralización do concurso eólico que era un instrumento para dar traballo ás auxiliares en momentos de paro do naval. Temos o exemplo de GANOMAGOGA, empresa auxiliar do sector naval que se especializou en construción de fustes nos eólicos e agora sofre as consecuencias da paralización do concurso eólico. O concurso eólico non era unha solución para as auxiliares pero si un complemento importante. O Partido Popular dedicouse a paralizar este concurso.

Pero o máis grave é que o Partido Popular aínda non se decatou de que está a gobernar e que ten competencias en industria e en traballo. Cada vez que hai un problema o Sr. Núñez Feijóo ponse mirar cara Madrid. De tanto mirar cara alí vai coller unha tortícole. O que debería facer é mirar cara ao país que preside.

En canto á responsabilidade do goberno do Estado é igual de grave. Non conseguiron que Bruxelas levantara o veto a Astano, dos contratos públicos para este ano non houbo ningún para os estaleiros galegos e o colmo é que diante dunha denuncia de países competidores que utilizaron sistemas similares ó Tax-lease, levan dende o ano 2006 mirando cara outro lado, argumentando que mentres se conseguen prórrogas van salvando a situación. Como se non estivesen obrigados a dar unha solución. Cando non sexan posibles máis prórrogas lamentarémolo todos.

Agora todos nos apuntamos ás mobilizacións. Está ben. Esa é a obriga dos partidos, sindicatos e axentes sociais; témolo que aplaudir e así o facemos dende o BNG, aplaudimos a todo o mundo que se mobilizou, fundamentalmente ás

ciudadás e ós cidadáns de Vigo que secundaron masivamente a mobilización do día 21. Pero os gobernos ademais teñen que exercer.

O sector naval está atravesando un grave problema con continuos EREs e falta de carga de traballo e a iso engádeselle agora o grave problema do tax-lease e é por iso que os gobernos teñen que dar alternativas e buscar solucións, é a súa obriga.

No BNG estamos de acordo e facemos a proposta de consensuar como resolución a proposta do Consello Social. Coido que hai un acordo dos tres grupos e nós estaríamos por consensuar esa resolución.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Realmente vivimos nestas últimas semanas unha incógnita máis para un dos sectores prioritarios da nosa cidade e da Ría, coma é o sector naval. Empresas con ampla tradición e experiencia que son referente en España e en Europa, que fixeron un magnífico proceso de adaptación, que en 2008 acadaron un máximo histórico tanto en actividade coma en emprego dando un posto a máis de 11.000 traballadores, tanto en empresas principais coma en auxiliares.

Pero a crise afecta a todos e o sector naval non ía ser menos. A menor carteira de pedidas que se engade ás dificultades de financiamento, leva a estas empresas a situacións de dificultades económicas e patrimoniais, pero tamén, e é a lacra que temos, á perda de numerosos postos de traballo que na actualidade quedan en torno a 2.000 que ademais están afectados por expedientes de regulación de emprego.

Malia todas estas dificultades o sector naval de Vigo agora mesmo está en situación de recobrar a súa actividade porque teñen capacidade, experiencia e tamén están especializados. Proba diso é que malia todas as dificultades na actualidade teñen en carteira a posibilidade de novos contratos pendentes de formalización.

Nestas últimas semanas a todos estes atrancos se lle engade unha nova preocupación como é a apertura dun expediente informativo por parte da Comisión Europea; é o instrumento tax-lease que está a ter graves repercusións na industria naval e nos empregos que dela dependen. Este instrumento

financeiro-fiscal, tax-lease, está destinado entre outros á adquisición de buques nos estaleiros españois por parte dos armadores da Unión Europea. Temos que dicir que estes son instrumentos habituais nos países europeos ou que teñen esquemas similares e teño que reiterar aquí que este é un sistema legal e polo tanto este expediente aberto por Bruxelas, a través da Dirección Xeral da Competencia que anuncia unha investigación pero que así mesmo leva de seu o bloque do tax-lease, condena neste momento ó sector naval que como xa vimos reiterando é de vital importancia para a economía e o emprego de Vigo. A súa desaparición sería moi grave.

Diante da magnitude do problema o goberno de España está a traballar diante da Comisión Europea ó máis alto nivel para volver establecer o tax-lease.

Tamén temos que saudar que a través do Consello Social da Cidade de Vigo, todos os axentes económicos e sociais, partidos políticos, a sociedade civil estiveron de acordo en apoiar a este sector naval facendo a maior expresión na manifestación do 21 de xullo deste ano, manifestación cívica reivindicativa dun sector e dun emprego vital. Pero tamén hai que saber da tranquilidade deses cidadáns de saber que o alcalde de Vigo se puxo unha vez máis ó fronte diante dunha grave dificultade da nosa cidade, como xa fixo anteriormente coas caixas de aforro e tamén con Vulcano.

O Grupo municipal Socialista mediante a moción facemos nosa a resolución do Consello Social da Cidade de Vigo, na que tamén se aprobaba o apoio a esa manifestación. Estamos de acordo en que esa sexa a nosa resolución, pero tamén queremos que os cidadáns coñezan que nós facemos noso ó cento por cento o manifesto lido ó remate desa manifestación.

SR. FIGUEROA VILA: Pensei que a quenda das intervencións de hoxe ían ser doutro xeito porque logo da manifestación do 21 de xullo e da proposta de resolución do Consello Social entendía que nesta Corporación había unanimidade. Pero aquí parece que hai botafumeiro, incenso para todos.

O sector naval está na situación na que está e todos, as administracións que gobernan, tanto a Xunta de Galicia, como o goberno central, o propio Concello e outras institucións e estamentos políticos, deberíamos estar preocupados porque

non hai nada resolto senón que pola contra hai unha situación de extrema gravidade no sector naval da cidade.

Dende logo se alguén escoita este Pleno semella que está todo arranxado. Nós non estamos nese escenario, estamos no escenario da preocupación, de que hai en torno a dez mil traballadores, dez mil familias que teñen os seus postos de traballo pendentes. De momento non hai solución á problemática do sector naval en Vigo e en Galicia e por iso deberíamos estar preocupados.

É bo que todos fagan as correspondentes xestións, tanto a Xunta de Galicia, o goberno central, o alcalde, os grupos políticos, os sindicatos e a propia cidadanía. Iso é o que temos que perseguir entre todos. Coido que o Consello Social na sesión do 18 de xullo deu mostra de que cedendo todos, como así fixemos, se consensua un texto. Coido que iso é o que deberíamos apoiar e traballar todos na mesma dirección.

Non vou entrar nas críticas do Bloque Nacionalista Galego á Xunta de Galicia, nin no que fixo o anterior goberno, nin no que fai este goberno. Coido que nestes momentos todos estamos a traballar e digo estamos, en primeira persoa do plural, para acadar acordos que dunha vez por todas lle poidan dar a volta á situación na que se atopa o sector naval da nosa cidade. Esa é a mensaxe que lle deberíamos trasladar á cidadanía.

Nós non imos entrar en polémicas, coido que este non é o momento de polémicas nin de nos tirar os trastes á cabeza, senón que pola contra é o momento de estar detrás dun sector, duns traballadores, dunhas familias que necesitan apoio. Dende logo que esa vai ser a postura do Partido Popular neste Concello.

Imos apoiar a proposta de resolución do Consello Social e tamén a da Mesa do sector naval de Galicia porque coidamos que iso é bo. A partir de aí, dende as administracións que nos toca gobernar, neste caso dende a Xunta de Galicia, imos instar para que os nosos compañeiros fagan o mellor traballo posible sabendo das dificultades que hai. Supoño que o Partido Socialista fará o mesmo co seu goberno de España para traballar todos na mesma dirección: o goberno da Xunta de Galicia, o goberno de España e por suposto os partidos políticos, sindicatos e traballadores. Esa é a mensaxe que lle queremos trasladar á

ciudadanía. O Partido Popular vai estar detrás, vixilante para que se fagan as cousas ben e apoiando as propostas de consenso que son as que necesitan agora mesmo os traballadores e non liortas entre grupos políticos, sindicatos ou demais estamentos que poden apoiar a este sector.

Que quede claro o apoio dende este Grupo municipal ó sector naval. Esperamos que entre todos sexamos quen de reconducir esta grave situación que é tan preocupante para a cidade de Vigo, para o sector naval e sobre todo para estas familias que se poden quedar sen os postos de traballo.

SR. ALONSO PÉREZ: O BNG vai estar sempre ó carón dos traballadores do naval como así demostrou presentando iniciativas políticas en todas as institucións. Pero o BNG non vai calar, non vai tapar a boca, nin quedar mudo cando hai responsables porque a nós nos preocupa moito o día seguinte do tax-lease. Preocúpanos moito que se solucione o problema do tax-lease e que o goberno galego siga sen actuar.

Claro que nós queremos consenso, demostrámolo chegando a acordos na resolución do CES e acudindo á manifestación conxunta. Queremos consensos pero queremos que os gobernos actúen. O que non pode ser é que o goberno galego coide que isto só é un problema do Estado e do tax-lease cando ten competencias, cando a crise e os EREs que se están facendo no sector son competencia do goberno galego e este non fai nada. Entón nós temos que quedar mudos?

Os traballadores non están mudos e o BNG tampouco, non vai estar mudo se o goberno do Estado segue sen se decatarse porque di que están a traballar, pois a ver se rematan o traballo que xa está ben porque isto ven dende o ano 2006, prórroga en 2008 e o 31 de xullo de 2011 resulta que as denuncias levan un ano enriba da mesa e o goberno do Estado segue traballando. A ver se remata o traballo porque o sector e os seus traballadores son moi importantes para Galicia. Non pode ser que este ano para Galicia non haxa nin un dos contratos públicos. O Estado e o Partido Socialista se teñen que decatarse dunha vez que en Galicia o sector naval é estratéxico e fundamental. Todos enchémonos a boca falando das familias cando o que hai que facer é actuar politicamente e os gobernos deben

actuar e gobernar. Menos chorar e lamentármonos, xa está ben. Claro que todos somos bos e imos da man pero falando claro e que os gobernos gobernen.

Nós imos acordar a resolución do CES que di: “Instar ó goberno do Estado de España e á Xunta de Galicia a desbloquear de forma urxente o instrumento financeiro fiscal tax-lease, realizando todas as accións que sexan precisas para a súa aplicación inmediata e pactando unha resolución final entre o goberno de España e a Unión Europea. Segundo: Articular medidas que substitúan ó actual sistema polo existente noutros países da Unión Europea. Terceiro: Así mesmo, esixirlle ó goberno de España e á Xunta de Galicia a adopción de medidas necesarias e urxentes que permitan a recuperación do sector e do emprego. Cuarto: Amosar o apoio ós traballadores do sector naval na defensa do emprego e apoio á mobilización (que xa pasou) do día 21”.

Por certo, hai que felicitar unha vez máis a toda cidade polo seu comportamento que si entendeu que este é un sector que precisa de todos e todas, de unidade e de saír á rúa, pero actuando todos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Penso que todos estamos de acordo, como non podía ser doutro xeito.

O Grupo municipal Socialista chegou a un acordo coas organizacións sindicais tanto no texto da súa moción como na resolución da Mesa do Sector Naval á que se referiu antes o Partido Popular, coidamos que ese é o camiño. Pero eu teño que reivindicar aquí no nome dos socialistas o traballo que se leva feito e que se está a facer polo sector naval, tanto de apoio financeiro como para buscar unha saída a este problema que se ven engadir á difícil situación que xa tiñamos.

A resolución xa o di: que desbloqueemos xa ese instrumento financeiro para que non só poidan saír adiante os barcos que están nas gradas, senón tamén poder facer efectivas esas contratacións pendentes que están en carteira para que o naval da nosa Ría poida seguir traballando. Pero de non seren posible iso porque estamos na Unión Europea, tamén a propia resolución do CES que se acaba de ler aquí di que se busque outro instrumento que poida substituír a este. Niso está traballando o goberno de España e mesmo o alcalde da cidade de Vigo, Abel Caballero, cousa que lles dá tranquilidade ós traballadores e traballadoras do

naval e ós cidadáns desta cidade porque saben que cando el se pon ó fronte as cousas saen adiante.

Nós facemos nosa a resolución do CES que é o que vai na nosa moción. Tamén reiterar a nosa adhesión ó manifesto que se leu ó remate da manifestación e así mesmo e como aquí se propuxo, o apoio a resolución da Mesa do Naval co interese de sacar isto adiante o máis axiña posible, co menor ruído, para poder tratar nun curto espazo de tempo outros problemas que non este do sector naval.

SR. FIGUEROA VILA: Repetimos a nosa postura, coidamos que o que debemos facer é traballar todos na mesma dirección. Coido que dende os gobernos que preside o noso partido, neste caso dende a Consellería da Xunta de Galicia, pasando polo propio conselleiro e polo presidente da Xunta, estanse dando mostras de implicación e compromiso co sector naval con eses preto de cen millóns de euros que se deron en avais nos últimos anos a este sector, coas xestións que se están facendo cos sindicatos, empresarios, co *cluster* do naval e mesmo co propio Ministerio de Industria do goberno de España. Coido que esa é a maneira de traballar.

Propoño que todos rememos na mesma dirección. Se alguén quere botar cousas en cara, todos o poderíamos facer, dende quen fixo folgas salvaxes, etc., pero non imos entrar nesa trampa. Neste momento e dende esta Corporación debemos demostrar o noso apoio ó sector, ós traballadores, ós empresarios e a todas esas familias que o están pasando mal. Tamén mostrar o noso apoio a todas esas persoas que están facendo xestións directa ou indirectamente, tanto a través da Xunta de Galicia, do goberno de España, do propio Ministerio. Coido que esa é a maneira de traballar.

Sr. alcalde, tennos a todo o Grupo do Partido Popular á súa disposición para o apoiar en calquera xestión que faga neste tema. Coido que esta é a maneira de traballar pola cidade porque estamos a falar dun dos problemas máis graves da cidade no presente e mesmo no futuro. O noso Grupo vai estar ó seu carón e vaino apoiar en todas as xestións que sexan necesarias.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Figueroa, non dubido que esa proposta se

aceptará de moi bo grao.

Vou proceder a facer unha proposta de acordo para os efectos da votación. Tendo en conta as intervencións eu proporía votar os acordos: Puntos primeiro, segundo, terceiro e cuarto do Consello Social xa adoptado polos grupos; propoño, ó igual que se fixo naquela sesión, engadir nesta resolución o acordo da Mesa do Naval de Galicia do mes de xullo, se lles parece ós señores e señoras concelleiros.

Emenda do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formulada durante o curso do debate:

Someter a votación o texto dos catro apartados aprobados no Consello Económico e Social na sesión do 18 de xullo de 2011 .

Emenda formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, durante o curso do debate:

Á parte do acordo aprobado no Consello Económico e Social en data 18.07.11, someter a votación a resolución aprobada pola Mesa do Sector Naval de Galicia.

Visto o anterior, a Alcaldía-Presidencia somete a votación o texto dos catro apartados aprobados no Consello Económico e Social na súa sesión do día 18 de xullo, así como a resolución aprobada pola Mesa do Sector Naval de Galicia que tivo lugar o día 11 de xullo.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ó goberno do Estado de España e á Xunta de Galicia a desbloquear de forma urxente o instrumento financeiro fiscal *tax-lease*, realizando todas as accións que sexan precisas para a súa aplicación inmediata e pactando unha resolución final entre o goberno de España e a Unión Europea.

S. Ordinaria 26.06.11

Segundo.- Articular medidas que substitúan ó actual sistema polo existente noutros países da Unión Europea.

Terceiro.- Así mesmo, esixirlle ó goberno de España e á Xunta de Galicia a adopción de medidas necesarias e urxentes que permitan a recuperación do sector e do emprego.

Cuarto.- Amosar o apoio ós traballadores do sector naval na defensa do emprego e apoio á mobilización do día 21.

Quinto.- Aprobar a resolución adoptada pola Mesa do Sector Naval de Galicia que di o que segue:

“Ante a comunicación da Comisión Europea sobre a incoación do procedemento establecido no artigo 108.2 do TFUE en relación ao réxime fiscal aplicable a determinados contratos de arrendamento financeiro tamén coñecidos como sistema español de arrendamento fiscal no seo do sector naval español, os integrantes desta mesa do diálogo social manifestan a súa máxima preocupación ao respecto, no convencemento de que un tratamento inadecuado do mesmo pode dar lugar á desaparición dun sector estratéxico e prioritario para a economía de España. En consecuencia considérase imprescindible lograr a máxima colaboración institucional, sindical e empresarial coa Administración Xeral do Estado aos efectos de garantir a viabilidade dun sector estratéxico da economía galega.

Neste contexto de máxima colaboración e de unidade de acción, con plena e indiscutible unanimidade, queremos significar os seguintes extremos que consideramos de máximo interese:

1.- El procedemento incoado debe rematarse á maior brevidade posible, calquera dilación carrexaría a desconfianza xeneralizada das empresas e navieiras que se traduciría unha incerteza no remate da obra en curso e un absoluto abandono da futura contratación cos estaleiros españois.

2.- Os eventuais problemas que puideran xurdir para as empresas navieiras ou para os inversores como consecuencia do mencionado procedemento, constitúen o auténtico problema do sector naval español. Non importa quen sexa o beneficiario fiscal, o que importa é que a devolución desas bonificacións ineludiblemente suporá a creba automática dos estaleiros españois e con iso a industria auxiliar complementaria.

3.- Resulta de imperiosa necesidade que, con independencia de que este instrumento fiscal sexa cualificado conforme ou non co Tratado da CE, se proclame polas autoridades españolas e comunitarias que as operacións realizadas ó abeiro do réxime fiscal, agora cuestionado, e autorizadas con anterioridade ao 1 de xuño, realizáronse ao abeiro dos principios de boa fe e de

confianza lexítima.

4.- Que paralelamente aos traballos a realizar pola administración española no seo da instrución do procedemento, se articule e poña en marcha un novo instrumento fiscal para a construción e transformación de buques baseado en medidas xa existentes e homologadas pola Comisión Europea que substitúa ao que hoxe en día se cuestiona.

Entendemos que a realización efectiva destes catro puntos, permitirá dar unha resposta eficaz aos problemas derivados da incoación do procedemento pola Comisión Europea, conseguindo os seguintes efectos que todos desexamos e que por outra banda esperamos:

- Garantir a competitividade e a viabilidade dun sector estratéxico da economía galega.
- Reafirmar a confianza dos inversores e das empresas navieiras no sector naval español.
- Eliminar as incertezas que xorden con respecto ás operacións pechadas e á obra en curso.
- Permitir que se sega contratando a construción e transformación de buques en España en condicións de competitividade.”

5.2.- (133).-MOCIÓN DO GM SOCIALISTA SOLICITANDO ESIXIR DA DEPUTACIÓN O PAGAMENTO DAS ACHEGAS DOS ANOS 2009, 2010 E 2011 Á FUNDACIÓN MARCO. (245/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 13 de xullo, número de entrada no Rexistro Xeral do Pleno 245/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Isaura Abelairas, presenta a seguinte moción:

“Dende o Concello de Vigo instamos á Deputación de Pontevedra a que realice os pagamentos dos anos 2009, 2010 e 2011, sendo a contía de 150.000 euros cada ano.

Así está recollido no convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Fundación MARCO o 29 de decembro de 2009, no que se acorda que se achegará á Fundación MARCO a cantidade de 150.000 euros con cargo á partida 09/451.451.489.15 do orzamento de dito ano.

Na Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 22 de decembro de 2010, fóra da orde do día concédese a subvención á Fundación MARCO.

ACORDO:

Dende o Grupo Municipal Socialista esiximos á Deputación de Pontevedra que realice o pagamento das achegas dos anos 2009, 2010 e 2011 á Fundación Marco.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do día 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O 29 de decembro de 2009 reúnense D. Rafael Louzán Aval, actuando en nome e representación da Deputación de Pontevedra, e don Abel Caballero Álvarez, presidente da Fundación MARCO e alcalde de Vigo. Ambas partes manifestan que teñen capacidade para asinar un convenio no que se fixan as cantidades que cada organismo lle achega á Fundación MARCO. Por parte do Concello de Vigo a cantidade é de oitocentos e pico mil euros, á Xunta de Galicia correspóndenlle trescentos e pico mil euros e ó Ministerio de Cultura e á Deputación de Pontevedra correspóndenlle cento cincuenta mil euros.

Sorpréndenos a frivolidade coa que o presidente da Deputación asinou este convenio porque a partir de aí non fai absolutamente nada. Non achega os cento cincuenta mil euros de 2009 nin os de 2010 e a día de hoxe segue sen achegar os cento cincuenta mil euros de 2011.

Dende o Grupo municipal Socialista instamos á Deputación de Pontevedra a que realice os pagamentos dos anos 2009, 2010 e 2011, como está recollido no convenio de colaboración.

Agardamos que esas ganas que teñen vostedes de axudar e colaborar, tamén a través das pequenas cousas se vexa a vontade das diferentes institucións para contribuír a paliar o paro. Supoño que aínda que sexa en menor medida que co do naval, teñan vostedes a vontade de cumprir os acordos que asinan e, sobre todo, dende a Deputación de Pontevedra que cumpra realmente coas súas funcións que son as de chegar a aqueles sitios onde non chegan os concellos. Se comparan a achega que fai o Concello de Vigo e ven as táboas, que seguramente os representantes do Partido Popular que están na Fundación MARCO as verán, decatáranse que se están a recibir visitas de toda a provincia de Pontevedra, son

noventa e seis mil visitantes no 2009, no 2010 noventa e tres mil e no que vai de xuño ata agora estamos preto dos sesenta mil e máis da metade son de fóra de Vigo, de Portonovo, Cangas, O Porriño, Ponteareas, Ponteceso, Caldelas de Tui, do Grove, da Cañiza, de Cambados, etc., o que xustifica que a Deputación de Pontevedra revise a súa política de subvencións, de actividades culturais e atenda ó que realmente debería, neste caso a pagar as débedas coa Fundación MARCO.

SRA. VELOSO RÍOS: Xa comentaba a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, cal é a función da Deputación. Neste caso a Deputación de Pontevedra ten a función, como todas as deputacións, de achegar ós concellos tamén apoio económico para ofrecer os servizos á cidadanía, pero neste caso semella que o Concello de Vigo non forma parte da provincia de Pontevedra vendo cales son os apoios que presta a Deputación na nosa cidade.

Hai pouco, mesmo nun caso tan sensible e que evidentemente ofrece un servizo moi importante para toda a provincia de Pontevedra como é o Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de malos tratos, negouse a colaborar economicamente no mantemento e xestión dese centro, co que evidentemente vemos que aquí hai un problema de encaixe da nosa cidade dentro da provincia a xulgar pola posición do goberno da Deputación de Pontevedra.

Este caso ademais é aínda máis vergoñento porque non é só o que está propoñendo a concelleira Sra. Abelairas de que revise a súa política de subvencións, senón sinxelamente que cumpra co que asinou. Isto está asinado. A Deputación de Pontevedra forma parte do Padroado da Fundación MARCO, a Deputación de Pontevedra ten asinado un convenio para facer unha achega económica ó Concello de Vigo, entón xa nin sequera é que re-pense cal é a achega da Deputación de Pontevedra á Fundación MARCO, en todo caso agora tería que decidir deixar de asinar ese convenio e deixar de achegar cartos, pero ten que cumprir co que ten asinado xa e facer a achega que lle corresponde.

Pero nestes últimos anos vemos perfectamente cales son as prioridades da Deputación de Pontevedra, dende logo a cidade de Vigo non é unha prioridade, a menos que lle poida sacar algún rendemento electoral e lle sirva para facer

propaganda nos medios de comunicación, pero para atender as necesidades reais da cidadanía xa nos demostra cada día que non está nin agardamos á Deputación de Pontevedra nesta cidade.

Agora, visto o visto e sabendo ademais que a Deputación ten un compromiso para achegar eses cartos que non está pagando, a verdade é que unha vez máis, como cada vez que falamos da Deputación, eu agardo impaciente cal vai ser esta vez a escusa e a resposta. Cada vez que traemos a este Pleno algunha cuestión relacionada coa posición da Deputación e coas achegas a esta cidade nos quedamos un pouco máis sorprendidos.

Neste caso lamento estar deste lado das bancadas e non poder ver todas as caras dos membros do Partido Popular que normalmente tamén son moi graciosas e moi curiosas cando dan estas respostas.

SR. FIGUEROA VILA: Non se preocupe, Sra. Veloso, podemos mirarlle á cara, seguramente a nosa sexa moito máis transparente que a de seu que vota a un goberno e logo se ten que ir a oposición; seguramente é así.

A Deputación de Pontevedra investiu nesta cidade preto de dez millóns de euros no último mandato. Estes son datos reais que seguramente alguén pretende cuestionar, pero ós poucos e ó mellor con este tipo de mocións os cidadáns van saber que é o que está investindo a Deputación de Pontevedra na cidade de Vigo. Dicían que non investíamos nada, pero aquí vai haber aproximadamente catrocentos cincuenta mil euros dos anos 2009, 2010 e 2011, seguramente haberá que lles preguntar a aquelas persoas que dicían que non había compromiso coa cidade de Vigo se o hai ou non, ó mellor igual é necesario que se teñan que traer mocións ós Plenos para que así alguén se teña que desdicir das súas críticas de que non se inviste absolutamente nada. Aquí xa se sabe que pode haber un compromiso dunha contía importante.

Hoxe xa van saber as viguesas e os vigueses que a Deputación de Pontevedra ten un compromiso co MARCO e vai seguir mantendo ese compromiso co MARCO. Antes alguén dicía que non había ningún compromiso, que non se investía nada na cidade, que non había ningún compromiso social, nin cultural, nin deportivo, etc., pois ó mellor igual imos ter que utilizar a estratexia de que veñan a Pleno as

propostas do que a Deputación inviste na cidade de Vigo para que así as veciñas e os veciños saiban que é o que se está a investir.

Sra. Abelairas, igual se lle deu a volta á tortilla, é dicir, vostede que quixo facer unha crítica da Deputación ó mellor agora xa saben os vigueses e as viguesas que hai cento cincuenta mil euros de compromiso todos os anos única e exclusivamente coa Fundación MARCO.

Imos abstérmonos polo tanto nesta moción e xa lle contestaremos nos próximos días o que imos facer con estes compromiso. Pero tamén lle dicimos que dende a crispación, dende o enfrontamento e dende a crítica permanente non se acadan bos resultados, senón que pola contra se poden acadar resultados coma este, é dicir, que porque alguén non quere recibir unha subvención, ou non quere facer un acto público, ou como sucedeu moitas veces e os medios de comunicación o saben, que tendo a resolución asinada e tendo o acordo para establecer ese compromiso alguén, algún xerente ou algunha persoa non puido acudir ó acto público para que a Deputación non puidese dicir o que investía na cidade de Vigo. Iso sucedeu.

Hai aproximadamente un ano había unha subvención para unha institución da cidade Vigo e a un xerente se lle prohibiu asinar o protocolo desa subvención única e exclusivamente porque se ía facer nun acto público cos medios de comunicación. Non van ocultar o que a Deputación está investindo e vai investir na cidade de Vigo. Ese é un feito real.

Xa lle dicimos que este tema negociarémolo con quen corresponda, non sei se vai ser con vostede, co alcalde ou con quen vai ser, pero a Deputación de Pontevedra seguirá investindo na cidade de Vigo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Hai unha cousa que son os dereitos das persoas, o respecto institucional e outra é o que está dicindo que non sei que é. De todos os xeitos non sabemos canto investiu a Deputación en Vigo porque non o queren dicir, pero agora nos acaba de dar a pista. Hai que ver, alcalde, sinxelamente hai que facelo evidente e, como fai vostede, vou falar para os cidadáns de Vigo.

Hai un convenio asinado polo presidente da Deputación de Pontevedra e polo alcalde de Vigo e o respecto institucional está en que ninguén teña que presentar

ningunha moción para lle recordar ó presidente da Deputación que cumpra os seus compromisos, única e exclusivamente. Non sei canto dixo que investiron, unha barbaridade, pero, onde?

No tocante ós convenios que están asinados absolutamente ninguén ten que ir para que vostede, o presidente ou quen mande ó presidente lle dea o cheque. Débeno ingresar directamente. Iso é ser serios. O outro é propaganda.

De todos os xeitos son catrocentos e pico mil euros os que lle deben ó MARCO. Non sei se fixeron ir ó director do Museo de Pontevedra recoller os tres millóns de euros, ou se o presidente do Pasarón tivo que ir á Deputación recoller o cheque cos dez millóns de euros. Sería unha barbaridade porque non sei se o cheque tería a conta de tantos cartos.

Vostedes mesmos recoñecen na acta do 20 de xullo de 2011 que a Deputación de Pontevedra non está facendo a achega que debe. Dio a Sra. Larriba.

Hai unha gran diferenza nas formas de facer política que é respectar e se estamos respectando e imos de institucionais, de serios, de que todos queremos o ben de todos, fagan vostedes con Vigo o que están facendo con Pontevedra, o que lle corresponde a Vigo. E se realmente a Deputación de Pontevedra se quere implicar e non seguir constituída nese ente que de vez en cando se reúne con non sei quen e obriga ir á unha entidade calquera a recoller un cheque de ó mellor seiscentos euros, coido que a Deputación de Pontevedra debería ser o suficientemente respectuosa como para que cada un dos convenios que asina o presidente os cumpra, se realmente cre o papel que está representando. Non lles estamos pedindo nada máis.

Agora mesmo estamos falando de cultura. Para o Museo de Pontevedra foron tres millóns de euros, para o MARCO as achegas son de cento cincuenta mil euros cada ano. Sinxelamente iso.

De todos os xeitos alégrome de que vostede diga que os cidadáns de Vigo a partir de agora saben perfectamente o que fai a Deputación de Pontevedra. Xa ven as viguesas e os vigueses que o presidente da Deputación de Pontevedra non cumpre cos convenios que asina co alcalde de Vigo. Fíxense os vigueses e as viguesas o que está pasando coa Deputación de Pontevedra.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, solicitando instar á Deputación Provincial de Pontevedra o pagamento das achegas á Fundación Marco correspondentes ós anos 2009, 2010 e 2011, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (134).- MOCIÓN DO GM SOCIALISTA INSTANDO DA XUNTA DE GALICIA OS INVESTIMENTOS E OBRAS NECESARIOS NOS COLEXIOS PÚBLICOS DA CIDADE. (246/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 13 de xullo, número de entrada no Rexistro Xeral do Pleno 246/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Díaz Vázquez, presenta a seguinte moción:

“Nos últimos anos estamos asistindo a un claro desleixo por parte da Xunta de Galicia no que se refire á prestación do servizo educativo para todas as nenas e nenos de Vigo. Dende a chegada do PP á Xunta de Galicia, a calidade de este servizo mingou considerablemente, principalmente na educación pública. A política educativa do PP foi dende a eliminación da gratuidade dos libros de texto, pasando pola supresión de becas para a formación en linguas estranxeiras, ata o total rexeitamento a levar a cabo as obras e infraestruturas necesarias nos colexios públicos da nosa cidade.

O alcalde de Vigo, xa en novembro de 2009, mantivo unha reunión co actual Conselleiro de Educación, manifestándolle a súa disposición para alcanzar un

acordo e poñer en marcha de forma inmediata un plan de modernización dos colexios públicos, co obxecto de que os nosos pequenos cidadáns desenvolvesen a súa escolaridade nunhas condicións mínimas esixibles aos nosos días.

Pouco cambiaron as cousas dende entón. A Xunta claramente esqueceu á cidade de Vigo e as obras que daquela se consideraban urxentes son agora moito máis extensas, pois pasaron dous anos máis e o conxunto de obras prioritarias non afrontadas pola consellería son moi superiores. Comedores escolares insuficientes; cubertas deterioradas, fontanería obsoleta, patios sen cubrir, son algúns exemplos da situación actual que non se pode prolongar por máis tempo. A Xunta de Galicia non pode mirar cara outro lado.

É por isto, polo que propoñemos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, proceda a realizar os investimentos necesarios nos colexios públicos da nosa cidade e execute as obras que precisan co fin de garantir unhas condicións de escolaridade mínimas esixibles para os nosos nenos e nenas.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do día 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dende que o Partido Popular volveu gobernar na Xunta de Galicia estamos asistindo de novo a un claro deterioro do sistema educativo público na cidade de Vigo.

A política educativa do PP comezou pola eliminación da gratuidade dos libros de texto obrigando así ás familias a destinar parte da súa renda á compra de algo tan básico e obrigado como son os libros dos seus fillos e fillas. Neste Concello o alcalde respondeu a esa política anti-educativa do Partido Popular incrementando as bolsas de libros para as familias máis necesitadas.

O Partido Popular da Xunta de Galicia tamén decidiu eliminar os programas de bolsas e linguas estranxeiras no país foráneo e o alcalde respondeu de novo incrementando as bolsas de inglés para que cincocentos rapaces e rapaces poidan facer este setembro, de xeito completamente gratuíto, unha aprendizaxe de tres semanas en colexios ingleses.

Podería seguir así con dúcias de exemplos.

A Xunta do Partido Popular abandona a política educativa pública e gratuíta de Vigo e o alcalde responde con novas medidas e prestacións, porque para nós, os

socialistas, a defensa da educación pública e gratuíta é unha das nosas bandeiras porque é o que nos permitirá acadar a igualdade entre todos e todas as persoas.

Pero onde o abandono da Xunta do Partido Popular en materia educativa é máis salientable é no que se refire ós investimentos nos nosos colexios. Xa en novembro de 2009 o alcalde mantivo unha reunión co conselleiro e o noso alcalde manifestoulle a disposición de acadar un acordo para poñer en marcha de xeito inmediato un plan de modernidade dos nosos colexios. Dous anos despois a realidade nos confirma que a Xunta respondeu que non ten ningún interese por investir nos colexios da nosa cidade. Dende o Concello presentámoslle á Xunta un informe sobre as necesidades que tiñan os nosos colexios, algunhas moi urxentes tales como cubertas, carpinterías exteriores como nos colexios de Sobreira-Valladares, Carballal, Valle Inclán, Chans-Bembrive, na Doblada, no Paraixal. Tamén era necesaria e urxente hai dous anos a renovación de instalacións de fontanería en colexios como os de Santa Mariña, Pereiró, Celso E. Ferreiro, Escultor Acuña, Párroco Don Camilo. Tamén era necesaria e urxente a renovación de instalacións eléctricas con sistemas de seguridade para nenos en colexios como o de Balaídos, García Barbón, Monte da Guía, O Chouzo. Era necesaria a instalación de máis de doce unidades de calefacción en distintos colexios, así como a ampliación dos comedores. Disto hai xa dous anos.

Diante da negativa da Xunta a realizar estes investimentos, o Concello púxose mans á obra e aínda sabendo que as reformas, ampliacións e melloras son competencia da Xunta de Galicia, nos distintos orzamentos dos últimos catro anos o alcalde destinou máis de catro millóns de euros para facer as obras necesarias nos colexios públicos que a Xunta non quixo facer e así se instalaron novas unidades de calefacción. Lembremos que a Sra. Porro puxo cobre-radiadores novos no Areal mentres os rapaces pasaban frío nos colexios. Tamén fixéronse instalacións eléctricas, algunhas delas con unidades de emerxencia que non tiñan. Cambiáronse fontanerías, puxéronse cubertas, melloráronse patios, muros, chans, fiestras... e así ata máis de catro millóns de euros en catro anos.

Pero queremos deixar ben claro que é a Xunta quen recibe os cartos do Estado para facer estes investimentos, que é a Xunta quen ten as competencias en

educación e polo tanto quen ten que investir na educación de Vigo.

A Xunta debe deixar de mirar cara outro lado e, tal é como é a súa obriga, debe atender ás necesidades educativas dos nosos nenos e nenas da cidade. A escusa da crise e a falsa austeridade non poden ser argumentacións para non atender o noso sistema educativo.

Por iso propoñemos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo: “Instar á Xunta de Galicia a que de forma inmediata proceda a realizar os investimentos necesarios nos colexios públicos da nosa cidade e execute as obras que precisan co fin de garantir unhas condicións de escolaridade mínimas esixibles para os nosos nenos e nenas”.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O BNG vai apoiar esta moción como non podía ser doutro xeito. Evidentemente isto non é unha sorpresa porque o Bloque Nacionalista Galego sempre veu defendendo por activa e por pasiva, en todas aquelas institucións onde temos representación, algo que para nós é fundamental como é o ensino público.

Sra. Díaz, iso que vostede acaba de enunciado, o que se fixo durante estes catro anos, habíao que facer. Non imos aplaudir porque iso se fixera porque nese goberno tiñamos a absoluta responsabilidade de efectivamente velar polos servizos públicos.

Eu sinxelamente quérolle corrixir unha cuestión de dialéctica, é que non foi o alcalde quen puxo catro millóns para as obras dos colexios, senón que foron os vigueses e as viguesas cos seus impostos. En todo caso foi o compromiso de todo un goberno que apostou polos servizos públicos nesta cidade.

Dito isto, non é ningunha sorpresa que o Bloque Nacionalista Galego apoie esta moción. O que si sería unha absoluta sorpresa é que o Partido Popular apoiara esta moción pero agardamos que nos dean esa sorpresa neste Pleno.

É certo que estamos na oposición e semella que lles molesta un pouco que agora sexamos outro grupo na oposición porque a cidadanía se vai decatando do que é estar na oposición dun goberno e o que significa estar na oposición para defender os intereses desta cidade e non estar na oposición para defender os intereses de quen lles dita a vostedes o que teñen que facer que non son outros

que o Sr. Núñez Feijóo e o Sr. Louzán. Por iso lles molesta que agora sexamos outro grupo na oposición porque a cidadanía de Vigo vai saber que é estar na oposición defendendo os dereitos dos vigueses e non facendo política sinxelamente para calar as vergoñas da Deputación e da Xunta con esta cidade.

O ex-concelleiro de Cultura, que levaba os temas do ensino no BNG, Sr. López Carreira, dicía hai un ano cando estabamos nos inicios do curso escolar, que era un auténtico desastre ese inicio de curso escolar porque se reduciron máis de mil profesores, houbo peches de dezanove centros no rural, un desmantelamento do sistema público de comedores onde un tanto por cento moi elevado se transformaban e se lle daban a mans privadas. Isto dicíao o noso ex-concelleiro hai un ano.

Pois ben, a dous meses do inicio deste curso o espectáculo e o escenario é aínda máis desalentador porque no vindeiro curso se van reducir máis de dous mil profesores, moitos máis deses dezanove centros rurais; máis dun trinta por cento de especialidades en formación profesional son as que se van reducir, senón aí está o exemplo na nosa cidade do IES Manuel Antonio. Iso si, tamén no inicio do novo curso poden estar máis contentos ca nunca os centros privados porque tamén van ver aumentadas as subvencións a través dos concertos. Esta é a política do Partido Popular.

En materia de obras, en Primaria onde a Xunta ten a absoluta competencia, efectivamente coincido coa señora concelleira de Educación porque non se fixo nin unha soa obra nestes últimos anos de acondicionamento por parte da Xunta nos nosos centros educativos.

Señores do Partido Popular, igual ca vostede, Sr. Figueroa, chamaba na anterior moción ó consenso e que ir todos a unha, imos tamén facer consenso e imos ir todos a unha, reivindicando da Xunta de Galicia o que ten que facer e o que lle ten que dar á cidade máis importante de Galicia. Se as súas anteriores palabras eran sinceras, eran porque quere vostede turrar por esta cidade, agardo que agora faga o mesmo e aprobe esta moción, senón as súas anteriores palabras, como xa nos ten acostumados, serían única e exclusivamente dialéctica política pura e dura.

SRA. LARRIBA LEIRA: Está moi clara a intención do goberno e do grupo da oposición no referente ós temas educativos. Volven facer política e non falar de educación. Está ben porque eu lle pensaba responder á Sra. Díaz que máis parecía o seu unha loanza á tarefa do alcalde que unha moción sobre educación, pero xa o Sr. Voceiro do BNG aclarou isto e puxo os puntos sobre os íes de quen é o responsable dos temas educativos na cidade.

Vexo nos dous moita desinformación. Esa palabra tan rotunda dun claro “desleixo” e de “desastre” coa que cualifica o Sr. Domínguez a intervención da Xunta de Galicia en Vigo, non deixa de amosar un claro descoñecemento dos investimentos reais da Xunta de Galicia en Vigo. Voulles facer un breve relatorio.

Galicia ten por primeira vez un sistema de gratuidade real para os libros de texto, antes era un sistema de préstamo que vostedes coñecían ben. O modelo de préstamo do goberno bipartito anterior era insostible presupostariamente, faltaban tres millóns de euros no 2009 para poder poñerse en marcha. O modelo actual do presidente Feijóo xa está utilizado en comunidades gobernadas polo PSOE: en Asturias e en Extremadura, ou sexa que é un modelo que o seu partido ve con bos ollos noutras comunidades autónomas.

Dende a Xunta de Galicia ofrecemos un modelo de axudas que é máis solidario, máis xusto e máis pedagóxico e busca acadar o maior número de familias beneficiarias. O seu modelo universal de préstamos era inxusto porque non tiñan en consideración os niveis de renda e polo tanto non se beneficiaba ás familias que máis o precisaban. A día de hoxe sete de cada dez escolares galegos reciben axudas para os libros de texto, reciben o montante global de 170 euros as familias que menos recursos teñen.

No que atinxe á supresión de bolsas de inglés, este verán de 2011 a Xunta de Galicia ofreceu estadías formativas en vilas inglesas, estadías de inmersión en Galicia, pero tamén no estranxeiro. Vostedes non len o DOG porque as ofreceron en Canadá, no Reino Unido, en Francia, Portugal e Alemaña e ademais ofrecéronse por primeira vez prazas para que estudantes de FP de grao superior que teñan no seu módulo profesional a materia de lingua estranxeira, poidan realizar estadías de semanas en Canadá, Reino Unido ou Francia, foron convocatorias que se fixeron públicas no DOG. Vostedes menten descaradamente

porque foron 3.730 prazas de estadías formativas o que supón un 40% máis de estudantes que ó inicio da lexislatura.

En canto ós investimentos isto si que é xa demencial. Os investimentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nesta lexislatura na cidade de Vigo ascenden a catorce millóns de euros en grandes obras, ampliacións de comedores escolares, ademais de aumentar un 10% as axudas ós comedores xestionados polas ANPAs de Vigo. Lembrar que o goberno bipartito da Xunta anterior só fixo un comedor e arranxou outro e a Xunta de Galicia no que vai de lexislatura, en dous anos, fixo seis e o resto investiuse en pequenas obras.

Lémbrolles que o mantemento dos colexios de Vigo é responsabilidade de seu e vostedes fixeron cero en investimentos nos anos anteriores e reduciron nun 25% os gastos de mantemento nos colexios dende o goberno anterior da Sra. Porro. Se vostedes non manteñen os colexios logo todo se converte en obra maior e así é fácil botarlle a culpa á Xunta de Galicia.

Contra a súa falla de fiabilidade, porque prometen e non cumpren, hai que dicir que non podemos apoiar a súa moción porque primeiro teñen vostedes que cumprir os seus deberes. Non lle podemos instar á Xunta a que cumpra o que vostedes deixan de facer.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que a Xunta non quere investir en Vigo, acaban de dicilo dende o Partido Popular, non o fixeron e nolo pensan seguir facendo, acaban de dicir que nos van votar que non a esta moción. Polo tanto está claro que a Xunta nin investiu en Vigo, nin o pensa facer. E por certo, o que acaban de dicir de novo é mentira tras mentira.

Vou corrixir ó Sr. Olveira porque é certo que se trata do diñeiro dos vigueses e das viguesas, por suposto, pero foi unha decisión deste alcalde a de investir catro millóns en educación. Outros decidiron investir en cobre-radiadores novos nun despacho de luxo, outros decidiron gastar dous millóns de euros en publicidade en seis meses. Aí é onde están as decisións dun alcalde fronte ós outros alcaldes. Si, Sr. Domínguez, este alcalde por responsabilidade decidiu investir nos colexios ó veren que a Xunta non o facía, por iso destinou catro millóns de euros para educación cando outros os gastaban noutras cousas.

Falou de loanza. Non pretenderá que loe ó Sr. Núñez Feijóo logo do que está facendo en Vigo porque non está a facer nada. A loanza si que foi a de seu porque non facendo nada si que lle botou flores porque acaba de xustificar por que eliminou o préstamo gratuito: porque lle custa tres millóns á Xunta. O que non di é que a Xunta recibe do Estado diñeiro para educación. O que ten que dicir polo tanto é onde destinan eses tres millóns. Acaban de dicir que ese sistema de préstamo que custaba tres millóns, que o paguen as familias, os pais e nais, que non van gastar os tres millóns en educación para os nosos nenos. Por Deus! son o Partido Popular, como van gastar tres millóns de euros en educación? O mesmo coas bolsas. Que diga cantos nenos vigueses se acolleron a esas bolsas da Xunta, que diga cantas bolsas hai no estranxeiro para nenos vigueses. E cando fale das bolsas dos libros diga tamén quen deu as bolsas de libros porque as está dando este Concello por decisión do alcalde. Outros alcaldes deciden outras cousas. Son vostedes polo tanto os que decidiron non investir en Vigo. Hoxe acaban de ratificar que non van investir en Vigo e si, había un compromiso como o de antes da Deputación, pero compromisos hai moitos, cumprimentos ningún. Temos o compromiso de aumentar o CEIP de Balaídos sen executar, o de Illas Cíes, o de Frián-Teis, o de Pintor Laxeiro, o do Pombal... Esa é a política do PP, promete e promete pero non cumpre nada.

Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra.

Díaz Vázquez, instando da Xunta de Galicia os investimentos e obras necesarios nos colexios públicos de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.-(135).- MOCIÓN DO GM SOCIALISTA SOLICITANDO SE INSTE DO GOBERNO DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DAS MEDIDAS NECESARIAS E URXENTES PARA A RECUPERACIÓN DO SECTOR NAVAL. (253/1101).

5.5.-(136).- MOCIÓN DO GM DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO INSTAR DO GOBERNO DE ESPAÑA AS XESTIÓNS NECESARIAS E MECANISMOS PERTINENTES PARA O PAGAMENTO DOS BENEFICIOS FISCAIS XA DEVENGADOS ÓS ESTALEIROS ESPAÑOIS. (227/1101).

As anteriores mocións dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular, co número da orde do día 5.4 e 5.5, respectivamente, figuran na presente acta incluídas no punto 5.1, moción sobre o mesmo tema do Grupo municipal do BNG, xa que se trataron e votaron as tres mocións conxuntamente.

5.6.-(137).- MOCIÓN DO GM DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO INSTAR DO GOBERNO DE ESPAÑA A RETIRADA DO RECURSO PRESENTADO CONTRA DA LEI DE RACIONALIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA EN GALICIA E A DIVULGACIÓN DENDE O CONCELLO DE INFORMACIÓN SOBRE OS MEDICAMENTOS XENÉRICOS. (243/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de xullo de 2011, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“No pasado mes de decembro aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 12/2010 de racionalización da prestación farmacéutica en Galicia, lei pola que se crea o catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.

Esta lei foi apoiada por unha ampla maioría, 50 deputados dun total de 75, todos eles integrantes dos grupos Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego, logo dun amplo debate tralo que se chegou ao consenso, contando tamén co apoio das sociedades científicas.

Contempla, entre outros, aspectos fundamentais como:

- Financiamento público de todos os principios activos.
- Financiamento público de todos os fármacos que se axusten aos de prezo menor fixado no catálogo nacional.
- Atención diferenciada e excepcional nos casos que corresponda.

Esta lei foi recorrida polo Goberno Central ante o Tribunal Constitucional, o que provocou a suspensión cautelar da mesma.

O pasado 28 de xuño esta suspensión levantouse, entrando o auto do Tribunal Constitucional nos temas fundamentais e avalando a decisión do Parlamento de Galicia.

Por todo isto, o Grupo municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a retirar o recurso que aínda mantén vixente en contra da lei de racionalización da prestación farmacéutica en Galicia.

Instar ao Goberno Central para que, tendo en conta a proposta aprobada no Parlamento de Galicia cos votos do PP e BNG, estenda o Catálogo priorizado ao resto do Estado, co fin de garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde.

Divulgar dende o Concello, coma institución máis próxima ao cidadán, e concretamente dende os centros comunitarios, información sobre os medicamentos xenéricos e as súas propiedades.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. CENDÓN ALONSO: Como saben o pasado decembro aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 12/2010, a Lei de racionalización da prestación farmacéutica en Galicia, Lei pola que se crea o catálogo de prioridade de produtos farmacéuticos. Esta Lei xa contou co consenso das sociedades

científicas e dos profesionais antes da súa aprobación. Dende o noso punto de vista foi unha tramitación impecable, foi unha lei amplamente debatida, moi consensuada e que contou co apoio da maioría dos parlamentarios galegos, cincuenta dos setenta e cinco, o Grupo Popular e o Bloque Nacionalista Galego. Foi unha lei que tivo ampla difusión nos medios informativos pola súa importancia, posiblemente sexa a Lei sanitaria de maior importancia en Galicia dende a democracia. O obxectivo último desta Lei era racionalizar o gasto farmacéutico na Comunidade Autónoma sen prexudicar a calidade da prestación farmacéutica que reciben os cidadáns. En definitiva, o mellor produto ó mellor prezo.

Non vou falar longamente da lei, sinxelamente vou detallar tres aspectos fundamentais dela.

Contempla o financiamento público de todos e cada un dos principios activos, financiamento público de todos os fármacos que se axustan ós de menor prezo fixado polo catálogo nacional e, o que é mais importante, a atención diferenciada e excepcional nos casos que corresponda que son tres supostos: a situación de desabastecemento, monopolio e sobre todo a intolerancia dalgún dos pacientes. Como tamén saben, esta Lei recorreuse polo Ministerio diante do Tribunal Constitucional. Foi este recurso presentado unicamente con fins partidistas como xa se demostrou nestes días, pero que provocou a suspensión cautelar desta medida. Afortunadamente o pasado 28 de xuño levantouse a suspensión cautelar e o Auto do Tribunal Constitucional foi contundente. O Ministerio argumenta un prexuízo para a protección da saúde dos cidadáns. Di o Auto do Tribunal Constitucional que de ningún modo se documenta este feito, é unha afirmación que non ten sustento. O Tribunal Constitucional tamén di que se preserva a liberdade de prescrición dos facultativos e que non se observa ningunha actitude obstrucionista dado que permite a prescrición fóra de catálogo para as excepcións.

Este auto tamén ratifica que a prestación farmacéutica co menor custo posible e a promoción dos medicamento xenéricos só perseguen os obxectivos da normativa básica, que neste caso é a Lei 29/2006. Engade que a sostibilidade do sistema sanitario público é unha obriga das administracións públicas.

É precisamente o aval deste auto o que nos moveu presentar esta moción e tamén os resultados da implantación en Galicia. Como todos sabemos máis de nove millóns ao mes, 335.000 euros día de aforro que revirte integramente no sistema sanitario. Algunha concelleira falaba antes de presupostos de 300.000 coma algo desmesurado. 300.000 euros é o que se aforra con esta Lei.

Por iso presentamos esta moción na que se recollen tres puntos,

Deseguido a Sra. Cendón Alonso procede a ler os tres apartados da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O BNG, como forza política responsable, sempre estivo preocupado como grupo político no Parlamento Galego, no Parlamento do Estado e por suposto no Concello, polo medre do gasto farmacéutico porque estamos seguros, os datos están aí, que este crecemento é sen dúbida ningunha unha limitación moi importante para a sanidade pública. Ese crecemento constante do gasto farmacéutico é unha limitación paradoxalmente reinvestir logo nunha sanidade pública universal e loxicamente de calidade.

O crecemento do gasto non depende só dos prezos dos medicamentos como está claramente comprobado, senón que depende fundamentalmente do uso cada vez menos racional e do uso abusivo que moitas veces se fai destes medicamentos. Que non depende única e exclusivamente dos prezos dos medicamentos verifícase claramente porque, se ben nos últimos anos este prezo ten baixado, o gasto farmacéutico sen embargo ten aumentado e medrado.

Para nós era moi importante que unha Lei contemplara claramente isto e que fose precisamente ás orixes de onde sae este crecemento no gasto farmacéutico. Por iso para nós, así o fixemos nas distintas emendas que dende o Parlamento Galego introducimos na Lei que presentou o Partido Popular, coidamos que o control do gasto ten que ser continuo no tempo, non vale facer medidas a curto prazo porque ese tipo de medidas o que fan logo é absorber ese control do gasto. Por iso presentamos as nosas emendas determinadas a que o control do gasto fose sostible e ademais relevante. É moi importante que incidamos no control de gasto pero para que os aforros sexan relevantes e non esporádicos ou

sinxelamente anecdóticos.

Por iso o BNG ten apoiado esta Lei, porque nela se contemplaban as emendas que o Bloque Nacionalista Galego fixo, sempre dende o espírito construtivo e de velar pola sanidade pública, e por iso tamén imos apoiar a moción do Partido Popular agás o segundo punto porque estamos de acordo en que o goberno central retire ese recurso que aínda ten contra esta Lei, tamén estamos de acordo en que dende os Concellos, as administracións máis achegadas aos cidadáns, se faga tamén un chamamento á utilización racional dos medicamentos e á difusión deste catálogo. Pero non podemos estar de acordo en instar ao goberno central para que o catálogo galego se expanda como tal catálogo galego ao resto das comunidades autónomas. As competencias en materias sanitaria están nas comunidades autónomas e polo tanto, igual que o BNG sempre ven reclamando a non intromisión do propio goberno central e doutras autonomías nas propias competencias, é contradictorio que o Partido Popular lle pida ao goberno que retire o recurso contra esta Lei e que logo lle diga que ese propio catálogo o faga extensible ao resto das comunidades.

Coidamos que hai que conservar a autonomía de competencias das comunidades autónomas e polo tanto presentamos unha emenda de substitución dicindo que queremos instar ao goberno a que teña en conta iniciativas coma a Lei galega e que mesmo estude outra serie de medidas para poñer en marcha o control do gasto sanitario a nivel de todo o Estado, sen especificar cales medidas.

Imos apoiar esta moción, se non se acepta a emenda pediríamos a votación separada dos puntos para poder votar a prol do primeiro e do terceiro e abstermonos no segundo. En definitiva cremos que é unha moi boa medida e, como xa se ten comprobado na última reunión do Consello de Sanidade e Saúde, moitas veces medidas coma estas que parten dun goberno galego, e así se tería que facer en todas as outras cuestións, poden mesmo esporear ao goberno central para buscar outras medidas.

Por último pedirlle ao Partido Popular o que xa lle pedimos nas emendas: que este aforro sexa investido na sanidade pública, máis concretamente en atención primaria que é onde se vai aforrar a maioría dos cartos e, por favor, tamén que este control chegue a vostedes mesmos, ás privatizacións que pretenden na

sanidade. Controlen tamén esas privatizacións que encarecen a sanidade pública.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Sra. concelleira, non imos apoiar a súa moción de instar ao goberno de España a retirar o recurso de anti-constitucionalidade polos seguintes motivos.

En primeiro lugar porque a denominada Lei galega de racionalización da prestación farmacéutica, segundo a avogacía do Estado é unha Lei que invade competencias exclusivas do Estado e vulnera principios constitucionais que garanten dereitos básicos.

O Grupo Municipal Socialista apoia a racionalización do gasto, a potenciación dos xenéricos, a prescripción por principio activo e a dispensación de medicamentos a menor prezo, pero todo isto non precisa, como queda demostrado noutras comunidades autónomas, medidas coma as contidas na Lei galega. Sinxelamente un exemplo: como se pode defender unha Lei que permite que calquera médico do SERGAS poida prescribir un fármaco dos excluídos no catálogo e que o paciente o poida adquirir sen problemas en calquera outra comunidade mentres que non se poida facer en Galicia? E viceversa. Isto é sinxelamente unha posibilidade do exemplo e a constatación dun sen sentido e da consagración da iniquidade.

Non apoiamos o segundo punto porque non é certo como vostedes afirman na súa moción que o auto do Tribunal Constitucional levanta a suspensión cautelar da Lei entre os temas fundamentais que avalan a decisión do Parlamento de Galicia. Esta afirmación é unha auténtica infamia. Saiba, Sra. concelleira, que o auto levanta a suspensión polos prexuízos de índole económica que se poidan orixinar pola persistencia da suspensión, pero se desvincula do debate de fondo, é dicir, da esencia da posible inconstitucionalidade e da invasión de competencias. Como ven, co fin de xustificar o inxustificable, utilizan ao Tribunal do Constitucional en van.

En terceiro lugar porque non son certos os datos sobre as bondades económicas do catálogo que o Sr. Feijóo e a Sra. Farjas repiten sen cesar. Afórrase máis coas medidas previstas nos reais decretos establecidos no ano 2010 que co catálogo galego. Ademais sen romper a equidade nin vulnerar os dereitos dos galegos.

Sinxelamente uns datos ademais de outros que poño a disposición do Pleno e que poden vostedes contrastar.

O Sr. Feijoo e a Sra. Farjas pensaban aforrar con este catálogo 24 millóns de euros por trimestre. Coas medidas contempladas nos referidos reais decretos aforráronse 31. En abril e a pesar do catálogo Galicia foi a antepenúltima comunidade autónoma do estado en descenso do gasto farmacéutico; en maio foi a sétima de dezasete. Isto di ás claras que a inmensa maioría das comunidades autónomas consegue mellores resultados no descenso do gasto farmacéutico sen ningún catálogo.

En segundo lugar non imos instar ao goberno central para que, como estrañamente din vostedes, “estenda o catálogo”. Primeiro porque as decisións se toman no Consello inter-territorial e a estas alturas xa coñecen como lles foi o tema, ningunha comunidade autónoma de calquera signo político apoiou esta medida do catálogo. Proba diso é que pasou máis de medio ano da vixencia do catálogo e ningunha o adoptou ou aplicou.

Por outra banda no Consello Inter-territorial do pasado mércores o Ministerio de Sanidade propuxo a extensión da prescrición por principio activo en todo o estado, proposta que ademais de proporcionar aforros moi superiores ao catálogo galego, foi moi ben aceptada polos responsables das comunidades autónomas, excepto de Galicia que seguen obstinados co pasado.

En terceiro lugar porque nin sequera os responsables da sanidade do PP a nivel estatal están de acordo co catálogo de medicamentos galegos como o demostra o feito demoledor de que na súa comparecencia no Congreso dos Deputados o martes pasado, a responsable D^a Ana Pastor, non fixo nin a menor mención e menos aínda petición de extensión do catálogo galego, precisamente nunha comparecencia sobre a racionalización do gasto farmacéutico. Cónstame o cabreo, escusen a palabra, dos deputados do PP a nivel do Parlamento Español.

Como poden vostedes vir aquí, e parece que tamén a outros municipios de Galicia, cunha moción pedindo o que rexeitan e ignoran os seus propios responsables sanitarios do estado e doutras comunidades autónomas? É que a vostedes non lles contaron os compromisos adquiridos polo Sr. Rajoy e a Sra. Pastor na reunión de días pasados coa industria farmacéutica?

Unha última cuestión: Saben cal é o fondo da denominada racionalización do gasto? Tomar posición en Madrid ante a posibilidade dun cambio de goberno.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sorpréndeme bastante que fale da proposta da ministra no Consello do outro día. Iso foi o canto do cisne da ministra máis deostada da democracia. Foi un catálogo de intencións unicamente. Onde está a proposta? Aprobouse? Non foi sometida a votación. Ademais no seo dun Consello interterritorial onde se incorporaban os novos conselleiros. Os máis liviáns só dixeron que se presentara esa proposta e esa proposta aínda non foi presentada.

Fomentar a prescrición por principio activo xa está recollido na Lei básica, na Lei 29. O que non está recollido é a obrigatoriedade. Tanto o Partido Popular coma o Bloque Nacionalista Galego pronunciáronse en contra da obrigatoriedade porque iso o que supón é que a prescrición que é facultade do médico, pasa ser facultade do farmacéutico e por iso os colexios profesionais prefiren a nosa lei que a prescrición por principio activo.

Sr. Rodríguez Escudero, vostede e máis eu levamos anos na defensa da sanidade pública. É quen de mirarme aos ollos e dicir que non estaría orgulloso de adoptar unha medida coma esta? O aforro foi impresionante, está constatado. Que imos facer agora? En época electoral esperar a que esta ministra desenvolva unha nova lei que anule a Lei 29? Está vostede seguro de que o novo goberno vai apoiar esta medida?

Continuemos co que temos que continuar. Por lle dar un dato, a prescrición por principio activo é obrigatoria en Romanía. En Portugal aprobárona e ao día seguinte Cavaco tivo que anulala porque era inviable. Nós non queremos avanzar por ese camiño.

Penso que coa campaña demonizadora que fixeron sobre os xenéricos, en publicidade leuse “medicamentos de calidade”. Esa era a proposta do Partido Socialista. Esta campaña hai que remediala e os centros cívicos, os centros socio-comunitarios, as asociacións témolo na nosa man, podemos facela dende o Concello porque entre macramé e ximnasia hai cabida para educación sanitaria e para promoción da saúde.

Mesmo nas súas fileiras a semana pasada oín que alguén dicía: “O PP quere

facernos pagar os medicamentos". O PP o que quere é aforrar porque todos achegamos ao 40%.

A PRESIDENCIA: Non se pronunciou sobre a emenda presentada.

SRA. CENDÓN ALONSO: A emenda do BNG paréceme razoable porque vai no espírito da nosa proposta.

A PRESIDENCIA: Por tanto vótase a moción figurando como punto segundo a emenda de substitución formulada polo grupo do BNG.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo do BNG, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data 26 de xullo:

Substituír o texto do segundo apartado da parte dispositiva da moción polo seguinte:

Instar ao Goberno Central a que, tendo en conta iniciativas coma a Lei Galega de Racionalización do gasto farmacéutico e as propostas recentemente anunciadas no Consello Territorial de Sanidade, intensifique neste organismo os debates que se precisen para acadar os acordos que permitan establecer as medidas oportunas para a redución do gasto farmacéutico a fin de garantir a sostibilidade do sistema público de saúde.

(Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular.)

A Alcaldía-Presidencia somete a votación a moción da Sra. Cendón Alonso incluíndo o texto da emenda formulada polo Sr. Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e

Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, acórdase:

Primeiro.- Instar ao Goberno de España a retirar o recurso que aínda mantén vixente en contra da lei de racionalización da prestación farmacéutica en Galicia.

Segundo.- Instar ao Goberno Central a que, tendo en conta iniciativas coma a Lei Galega de Racionalización do gasto farmacéutico e as propostas recentemente anunciadas no Consello Territorial de Sanidade, intensifique neste organismo os debates que se precisen para acadar os acordos que permitan establecer as medidas oportunas para a redución do gasto farmacéutico a fin de garantir a sostibilidade do sistema público de saúde.

Terceiro.- Divulgar dende o Concello, coma institución máis próxima ao cidadán, e concretamente dende os centros comunitarios, información sobre os medicamentos xenéricos e as súas propiedades.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.-(138).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRA DO GM DO PARTIDO POPULAR DE D^a M^a CORINA PORRO MARTÍNEZ. (236/1101).

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de xullo de 2011, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona M^a

Corina Porro Martínez, renuncia ó seu cargo de concelleira dende a data do seu nomeamento como presidenta do Consello Económico e Social de Galicia.

Ó abeiro do sinalado nos artigos 182.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime electoral xeral, 223.4 da Lei autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ao obxecto de que se proceda ao relevo da Sra. Concelleira citada conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo/a a favor do candidato/a ao que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producida, é don Pablo Beiro Diz, número 14 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás derradeiras eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

1.2.-(139).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO DO GM DO PARTIDO POPULAR DE D. IGNACIO J. LÓPEZ-CHAVES CASTRO. (248/1101).

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xullo de 2011, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Ignacio J. López-Chaves Castro, renuncia ó seu cargo de concelleiro dende a data

S. Ordinaria 26.06.11

do seu nomeamento como presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.

Ó abeiro do sinalado nos artigos 182.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime electoral xeral, 223.4 da Lei autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ao obxecto de que se proceda ao relevo do Sr. Concelleiro citado conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo/a a favor do candidato/a ao que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, a candidata que debe cubrir a vacante producida, é dona M^a Angeles García Miguez, número 15 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás derradeiras eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

1.3.-(140).- DAR CONTA DO ESCRITO DO GM DO PARTIDO POPULAR POLO QUE SE COMUNICA QUE AS FUNCIÓNS DE VOCEIRO SERÁN EXERCIDAS POR D. JOSÉ MANUEL FIGUEROA VILA. (240/1101).

ANTECEDENTES.- Con data de entrada nesta Secretaría Xeral do 12 de xullo, número Rexistro 240/1101, o Grupo Popular do Partido Popular presenta escrito asinado polos seus compoñentes comunicando que, trala baixa da concelleira Sra. Porro Martínez, exercerá as funcións de voceiro do devandito grupo don José

Manuel Figueroa Vila.

Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.4.-(141).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DATA 06.07.11 NOMEANDO ÓS CARGOS CORPORATIVOS DO GM DO PARTIDO POPULAR CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 6 de xullo de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 16.06.2011, ó abeiro do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como ó réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, mediante escritos de data 4 e 6 de xullo de 2011, polo grupo municipal do Partido Popular a asignación nominativa das dedicacións que lle corresponden en virtude dos antecedentes expostos, as tres dedicacións exclusivas reducidas xorden da suma de dúas dedicacións exclusivas (dúas de 56.141,23 €) e mais dunha parcial de 9 h. (12.283,79 €), e sen prexuízo de posteriores resolucións en similar senso, resolvo:

Primeiro.- Exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva o seguinte membro da Corporación:

Concelleiro do GPM do PP	D. José Manuel Figueroa Vila	56.141,23 €
--------------------------	------------------------------	-------------

Segundo.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva reducida (suma de dúas dedicacións exclusivas de 56.141,23 e máis unha parcial de 9 h.), os seguintes membros da Corporación.

Concelleiro do GPM PP	D. Antonio Bernárdez de Dios	41.522,08 €
Concelleira do GPM PP	D ^a M ^a Elvira Larriba Leira	41.522,08 €
Concelleira do GPM PP	D ^a M ^a Teresa Egerique Mosquera	41.522,08 €

Terceiro.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha

S. Ordinaria 26.06.11

dedicación de nove horas os seguintes membros da Corporación.

Concelleira do GPM PP	D ^a M ^a José Bravo Bosch	12.283,79 €
Concelleiro do GPM PP	D. Roberto Relova Quinteiro	12.283,79 €
Concelleiro do GPM PP	D. Marcos Araújo Pereira	12.283,79 €
Concelleira do GPM PP	D. ^a M ^a Teresa Cendón Alonso	12.283,79 €
Concelleiro do GPM PP	D. Miguel Fidalgo Iglesias	12.283,79 €
Concelleiro do GPM PP	D. José Luis Alvarez Pérez	12.283,79 €

Cuarto.- As retribucións especificadas para cada cargo aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Quinto.- As retribucións terán efectos retroactivos á data da toma de posesión do cargo de concelleiro/a, é dicir dende o 11.06.2011.

Sexto.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Sétimo.- Os concelleiros/as ou membros da Xunta de Goberno Local que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos organismos autónomos municipais.

Oitavo.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social a todos os corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Noveno.- Notificar a presente resolución a todos os interesados/as advertindo que os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva deberán, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno, no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Décimo.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Undécimo.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no Taboleiro de Editos do Concello."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

1.5.-(142).- DAR CONTA DOS ESCRITOS DOS CARGOS CORPORATIVOS DO GM DO PARTIDO POPULAR ACEPTANDO O NOMEAMENTO PARA O DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCÍONS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- De conformidade coa Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 6 de xullo de 2001, mediante escritos presentados na Secretaría Xeral do Pleno os concelleiros que a seguir se relacionan presentaron a súa aceptación de dedicación exclusiva:

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D^a Elvira Larriba Leira
- D^a Teresa Egerique Mosquera
- D. Antonio Bernárdez de Dios

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

1.6.-(143).- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xullo de 2011 e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, realizouse a sesión constitutiva das diferentes comisións informativas municipais da que se redactou a seguinte acta:

“No salón de Plenos, sendo as 10,00 horas do día 12 de xullo de 2011, previa convocatoria e en sesión conxunta, reúnense coa asistencia da Secretaria Xeral do Pleno os Sres. e Sras. concelleiros/as adscritos polos voceiros/as dos grupos políticos municipais ó obxecto de constituír as comisións do Pleno acordadas por este órgano en sesión do día 8 de xullo e a comisión de Vixilancia da Contratación, así como propoñer ó Alcalde e presidente nato, trala elección que se efectúe no seu seo, o presidente efectivo de cada unha delas.

1.- COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós delegados/as das Áreas de Xestión Municipal; Mobilidade e Transporte e Seguridade.

INTEGRANTES:

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a M ^a José Bravo Bosch	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D. Marcos Araújo Pereira	
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D ^a M ^a Elvira Larriba Leira	
PSOE	D. Carlos López Font	Resto concelleiros Grupo Mpal.
PSOE	D ^a Raquel Díaz Vázquez	
PSOE	D ^a Isaura Abelairas Rodríguez	
PSOE	D. Angel Rivas González	
BNG	D. Santiago Domínguez Olveira	

Non asisten:

D^a. Raquel Díaz Vázquez, sendo substituída por D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Santiago X. Domínguez Olveira sendo substituído por D^a Iolanda M^a Veloso Ríos.

Os membros da Comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a Presidencia efectiva da Comisión sexa delegada na Concelleira, D^a Marta Iglesias Bueno.

2.- COMISIÓN DE FOMENTO.- Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós Delegados de Fomento e Parques e Xardíns.

INTEGRANTES:

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a Teresa Egerique Mosquera	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D. Miguel Fidalgo Iglesias	
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D. Antonio Bernárdez de Dios	
PSOE	D ^a Isaura Abelairas Rodríguez	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PSOE	D. David Regades Fernández	
PSOE	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz	
PSOE	D. Cayetano Rodríguez Escudero	
BNG	D ^a Iolanda M ^a Veloso Ríos	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Non asiste D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, sendo substituído por D. Angel Rivas González.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada na concelleira, D^a Isaura Abelairas Rodríguez.

3.- COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós delegados/as de Promoción Económica, Emprego, Participación Cidadá e Distritos.

INTEGRANTES.

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a Teresa Cendón Alonso	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D ^a Teresa Egerique Mosquera	
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D. José Luis Álvarez Pérez	
PSOE	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PSOE	D. Cayetano Rodríguez Escudero	
PSOE	D ^a Isaura Abelairas Rodríguez	
PSOE	D. José Manuel Fernández Pérez	
BNG	D. Francisco Xabier Alonso Pérez	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Non asiste D. José Manuel Fernández Pérez, sendo substituído por D. Angel Rivas González.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro, D^a Isaura Abelairas Rodríguez.

4.- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, XUVENTUDE E IGUALDADE. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas á delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo; Xuventude e Igualdade.

INTEGRANTES.

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a M ^a José Bravo Bosch	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D ^a Teresa Cendón Alonso	
PP	D ^a Teresa Egerique Mosquera	
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PSOE	D ^a M ^a Jesús Lago Rey	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

PSOE D. Angel Rivas González
PSOE D. David Regades Fernández
PSOE D. Cayetano Rodríguez Escudero

BNG Iolanda M^a Veloso Ríos Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Non asiste D. David Regades Fernández, sendo substituído por D^a Isaura Abelairas Rodríguez.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro D. Angel Rivas González

5.- COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas á delegada da Área de Economía, Facenda e Educación.

INTEGRANTES.

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a M ^a José Bravo Bosch	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D José Luis Álvarez Pérez	
PP	D ^a M ^a Elvira Larriba Leira	

PSOE	D. Angel Rivas González	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PSOE	D ^a Isaura Abelairas Rodríguez	
PSOE	D. Carlos López Font	
PSOE	D ^a Raquel Díaz Vázquez	

BNG D. Iolanda M^a Veloso Ríos Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Non asiste D. Carlos López Font, sendo substituído por D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro, D. Angel Rivas González.

6.- COMISIÓN DE INDUSTRIA, COMERCIO, TURISMO E PYMES. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ó delegado das Áreas de Industria, Comercio, Turismo e PYMES.

INTEGRANTES.

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a M ^a José Bravo Bosch	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

PP	D. Roberto Relova Quinteiro	
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D. José Luis Álvarez Pérez	
PSOE	D. Cayetano Rodríguez Escudero	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PSOE	D. José Manuel Fernández Pérez	
PSOE	D. Angel Rivas González	
PSOE	D ^a Raquel Díaz Vázquez	
BNG	D. Santiago X. Domínguez Olveira	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Non asisten:

D. José Manuel Fernández Pérez, sendo substituído por D^a Isaura Abelairas Rodríguez.

D. Santiago X. Domínguez Olveira sendo substituído por D^a Iolanda M^a Veloso Ríos.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada no concelleiro, D. Cayetano Rodríguez Escudero.

7.- COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, CULTURA E DEPORTES. Emitirá ditame sobre os asuntos que teñen que ser sometidos ó Pleno referentes ás materias atribuídas ós delegados/as das Áreas de Política social, Cultura e Animación Sociocultural, Patrimonio Histórico, Deportes e Normalización Lingüística.

INTEGRANTES.

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D. Roberto Relova Quinteiro	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D ^a Teresa Cendón Alonso	
PP	D. Antonio Bernárdez de Dios	
PSOE	D ^a Isaura Abelairas Rodríguez	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PSOE	D ^a M ^a Jesús Lago Rey	
PSOE	D. José Manuel Fernández Pérez	
PSOE	D. Cayetano Rodríguez Escudero	
BNG	D. Francisco X. Alonso Pérez	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Non asiste D^a M^a Jesús Lago Rey, sendo substituída por D. Angel Rivas González.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada na concelleiro D. Francisco X. Alonso Pérez.

8.- COMISIÓN DE VIXILANCIA DA CONTRATACIÓN.- A comisión garantizará a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrencia, obxectividade, transparencia e eficacia na contratación pública, segundo o seu acordo de creación.

INTEGRANTES.

GRUPO P.	TITULARES	SUPLENTES
PP	D ^a M ^a José Bravo Bosch	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PP	D ^a Teresa Egerique Mosquera	
PP	D ^a Marta Iglesias Bueno	
PP	D. Antonio Bernárdez de Dios	
PSOE	D ^a Raquel Díaz Vázquez	Resto concelleiros do Grupo Mpal.
PSOE	D. Carlos López Font	
PSOE	D. Angel Rivas González	
PSOE	D. David Regades Fernández	
BNG	D ^a Iolanda M ^a Veloso Ríos	Resto concelleiros do Grupo Mpal.

Os membros da comisión, por unanimidade, propoñen ó Alcalde que a presidencia efectiva da comisión sexa delegada na concelleiro D^a Raquel Díaz Vázquez Francisco X. Alonso Pérez.

As distintas comisións na primeira reunión que realicen deberán propoñer ó Alcalde o nomeamento dun vicepresidente que substituirá ó presidente efectivo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

E non sendo outros os asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 10.20 horas de todo o cal como secretario dou fe.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.7.-(144).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12.07.2011, POLA QUE SE NOMEAN OS PRESIDENTES EFECTIVOS DAS COMISIÓNS DO PLENO E FIXACIÓN DE HORARIO.

ANTECEDENTES.- Por de decreto de data 12 de xullo de 2011 a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

S. Ordinaria 26.06.11

“Examinadas as propostas que no día de hoxe se formulan polas distintas comisións do Pleno ó obxecto de que por esta Alcaldía se proceda a delegar a presidencia efectiva de cada unha delas nos concelleiros/as por elas propostas trala elección efectuada no seu seo, esta Alcaldía, en virtude do sinalado no artigo 43 do Regulamento Orgánico do Pleno e no artigo 125.a) do RD 2568/1986, do 26 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar a presidencia efectiva das Comisións do Pleno que se citan nos seguintes Concelleiros/as:

- COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE, na concelleira D^a Marta Iglesias Bueno.
- COMISIÓN DE FOMENTO, na concelleira D^a Isaura Abelairas Rodríguez.
- COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, na concelleira D^a Isaura Abelairas Rodríguez.
- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, XUVENTUDE E IGUALDADE no concelleiro D. Angel Rivas González.
- COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN, no concelleiro D. Angel Rivas González.
- COMISIÓN DE INDUSTRIA, COMERCIO, TURISMO E PYMES, no concelleiro D. Cayetano Rodríguez Escudero.
- COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, CULTURA E DEPORTES, no concelleiro D. Francisco Xabier Alonso Pérez.
- COMISIÓN DE VIXILANCIA DA CONTRATACIÓN, na Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez

Segundo.- A efectos de manter a proporcionalidade establecida nas distintas comisións, no suposto de que en calquera momento esta Alcaldía, como presidente nato das comisións, desempeñe a presidencia, absterase de votar o membro de menor idade dos do seu grupo político sempre que estiveran presentes todos eles.

Terceiro.- Sen prexuízo doutras atribucións, as comisións realizarán reunións ordinarias con carácter mensual sempre e cando existan asuntos de competencia plenaria que deban ditaminar ou informar. Tales reunións realizaranse pola orde indicada no apartado primeiro os penúltimos luns non festivos de cada mes, co seguinte horario:

COMISIÓN	HORARIO
XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE	10.00
FOMENTO	10.10
EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	10.20
MEDIO AMBIENTE, XUVENTUDE E IGUALDADE	10.30
ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN	10.40
INDUSTRIA, COMERCIO, TURISMO E PYMES	10.50

En casos de demora ou adianto na realización das comisións, realizarase na orde establecida con solución de continuidade.

Cuarto.- As distintas comisións na primeira reunión que realicen, propoñerán a esta Alcaldía o nomeamento dun vicepresidente que substituirá ó presidente efectivo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente e Vicepresidente de cada unha das Comisións Permanentes do Pleno, a presidencia será asumida polo membro titular do mesmo Grupo Político ao que pertenza o Presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva Comisión, exceptuando ao Voceiro de dito Grupo Político.

Quinto.- Notificar esta resolución ós distintos interesados e ós secretarios delegados de cada comisión, así como dar publicidade á mesma na Intranet municipal.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

1.8.-(145).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 12-07-2011,DE NOMEAMENTO DE SECRETARIOS DELEGADOS DAS COMISIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de xullo de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con data 12.07.2011 pola Secretaria Xeral do Pleno presentouse ante esta escrito Alcaldía co seguinte contido: “O Pleno da Corporación en sesión de data 08.07.07 adoptou acordo de aprobación da proposta de Alcaldía referente á creación e composición das Comisións do Pleno, Comisións que foron constituídas en sesión de data 12.07.07:

- Comisión de Xestión Municipal e Mobilidade
- Comisión de Fomento
- Comisión de Emprego e Participación Cidadá.
- Comisión de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade
- Comisión de Economía, Facenda e Educación
- Comisión de Industria, Comercio, Turismo e Pymes
- Comisión de Política Social, Cultura e Deportes

De conformidade co sinalado no artigo 13.2 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, propónse á Alcaldía que nas Comisións do Pleno que se sinalan, e por delegación desta Secretaría Xeral, as funcións que corresponden á Secretaria das mesmas sexa desempeñada polos seguintes funcionarios municipais:

- COMISIÓN MUNICIPAL DE XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE
D^a Dolores Espiño Collazo
- COMISIÓN DE FOMENTO
D. José Rodríguez García
- COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
D. Albino Rodríguez Ferreira
- COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, XUVENTUDE E IGUALDADE
D. Ramón Hermida-Cachalvite Vázquez
- COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN
D. Miguel Pola Tombo
- COMISIÓN DE INDUSTRIA, COMERCIO, TURISMO E PYMES
D. Miguel Pola Tombo
- COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
D. Ignacio Oliveira López

O funcionamento destas Comisións axustarase ao disposto no Capítulo IV, do Título IV do Regulamento Orgánico do Pleno e no seu acordo de creación.

O desempeño do posto de secretario/a dos órganos complementarios indicados comprenderá as seguintes funcións:

- a) A preparación dos asuntos que teñan que ser incluídos na orde do día das reunións que se realicen, de conformidade co que estableza o Presidente efectivo dela e a asistencia ó mesmo na realización da correspondente convocatoria, notificándoa coa debida antelación a todos os compoñentes do órgano colexiado en unión da acta da sesión anterior.
- b) Custodiar dende o momento da convocatoria a documentación íntegra dos expedientes incluídos na orde do día e tela á disposición dos membros do respectivo órgano colexiado que desexen examinala.
- c) Levantar acta sintetizada das reunións que se realicen someténdoa á aprobación no comezo da seguinte sesión. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente Libro de Actas que deberá ser custodiado baixo a súa responsabilidade.
- d) Deixar constancia nos respectivos expedientes dos ditames ou informes adoptados respecto da proposta sometida a consideración.
- e) Remitir á Secretaría Xeral os expedientes ditaminados con tempo suficiente para a súa inclusión na orde do día das convocatorias que no seu caso realice o Concello Pleno.

A efectos do cumprimento de ditas funcións resulta necesario lembrar que os

ditames das comisións mesmas teñen carácter preceptivo e non vinculante e, agás nos supostos de urxencia, todos aqueles asuntos sobre os que o Pleno da Corporación deba pronunciarse, tanto en sesión ordinaria como extraordinaria, deberán ser ditaminados previamente pola correspondente Comisión do Pleno, rexéndose no seu funcionamento polo disposto na Lei 7/1985, no Regulamento Orgánico Municipal e, naqueles aspectos non regulados por aquel, polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, sinalándose a continuación a modo de recordatorio as liñas xerais de funcionamento:

- As Comisións realizarán sesión ordinaria con carácter mensual sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar. Dita sesión realizarase os penúltimos luns non festivos de cada mes.
- As sesións das Comisións deberán convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada pola Comisión.
- A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ó debate e, no seu caso, votación, deberá figurar a disposición dos concelleiros dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Comisión.
- A Comisión constitúese validamente coa asistencia dun terzo do número legal de membros da mesma, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión, requiríndose en todo caso, a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a da Corporación ou de quen legalmente lles substitúan.
- A adopción de acordos producirase mediante votación ordinaria, agás que a propia Comisión acorde, para un caso concreto, a votación nominal. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros das Corporacións absterse de votar.
- A ausencia dun ou varios concelleiros, unha vez iniciada a deliberación dun asunto, equivale, a efectos da votación correspondente, abstención. Para o caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.
- Os membros da Comisión que disintan do ditame aprobado por esta, poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno. Para o caso de formularse voto particular este deberá achegarse ó ditame dende o día seguinte ó da aprobación do mesmo pola Comisión.
- Calquera membro poderá someter mocións, rogos e preguntas á consideración da mesma, presentando a súa proposta ó inicio da reunión.

O certificado do ditame deberá constar na súa redacción cunha parte expositiva e cunha parte resolutiva, transcribindo integramente o informe-proposta que, emitido polo Xefe da Dependencia correspondente, conste no expediente, ou de ser o caso da proposición presentada por un dos grupos políticos municipais, todo

sen prexuízo das emendas ó mesmo acordadas no seo da Comisión ou dos votos particulares formulados.

O expediente completo, xunto co certificado emitido nos termos sinalados, remitirase á dependencia da Secretaría Xeral do Pleno (Xefatura do Negociado de Actas) ó día seguinte á realización da sesión correspondente.”

Considerando as competencias da Alcaldía derivadas do artigo 124.4 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en canto que exerce a superior dirección do persoal ó servizo da Administración municipal, elévase a proposta de delegación exposta.

A Alcaldía-Presidencia en exercicio das facultades derivadas do artigo 124.4 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Prestar conformidade á delegación efectuada pola Secretaria Xeral do Pleno para o desempeño da Secretaría das Comisións do Pleno, segundo a descrición anteriormente referida.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados e ós presidentes das comisións, así como dar conta da mesma ó Pleno na primeira sesión ordinaria que realice e publicidade na intranet municipal.”

De todo o anterior a Alcaldía-presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

1.9.-(146).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE 01.07.2011, POLA QUE SE DELEGAN DETERMINADAS ATRIBUCIÓN NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 1 de xullo de 2011, o Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou a seguinte resolución:

“Mediante resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13.06.2011, estableceuse a estrutura dos servizos corporativos do Concello de Vigo e realizouse a delegación de atribucións nos tenentes de alcalde e concelleiros delegados das respectivas Áreas executivas.

S. Ordinaria 26.06.11

En virtude dela, corresponderanlle á 1ª tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, D.ª Mª del Carmen Silva Rego, as atribucións propias do Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo (art. 6 estatutos XMU) e as que expresamente lle delegue o presidente das relacionadas no art. 5 dos seus estatutos, a non ser as indicadas nas letras b) e c) do seu apartado 1 (ostentar a representación da Xerencia e convocar e presidir as sesións do Consello de Xerencia).

Visto o que antecede e a normativa de aplicación; en especial, os arts. 124. 4 e 5 da LRBRL (L.7/1985) 43 e ss. do ROF (RD.2568/1986) e 5 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (versión consolidada; BOP nº 193, do 06.10.2010),

RESOLVO

Primeiro.- Delegar na concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, D.ª Mª del Carmen Silva Rego, o exercicio das seguintes facultades:

- a) Conferir poderes para preitos e exercitar accións administrativas e xurisdicionais en caso de urxencia, dando conta ó Consello na primeira reunión que teña lugar, para a súa ratificación.
- b) Exercer as funcións atribuídas ó Alcalde pola lexislación xeral en materia de expropiacións.
- c) Outorgar cantos documentos públicos sexan necesarios nas actuacións da Xerencia, coa asistencia do secretario da Xerencia no seu caso.
- d) A aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións en materia de persoal propio da Xerencia municipal de urbanismo.
- e) Declarar a situación de ruína inminente e, no seu caso, adoptar as medidas de seguridade necesarias.
- f) Adoptar as ordes de suspensión de obras, actividades e outras actuacións urbanísticas que se efectúen sen licenza ou sen axustarse ás condicións da concedida.
- g) Ditar ordes de execución de obras.
- h) O nomeamento de persoal propio da Xerencia así como a resolución dos procedementos de provisión de postos de traballo.
- i) A cancelación de fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
- j) Sinalamento de aliñacións e rasantes.
- k) Aprobar as liquidacións de taxas por prestación de servizos, prezos públicos e demais ingresos de natureza pública.
- l) Aprobar as anulacións de liquidacións e as devolucións de ingresos indebidos.
- m) Autorizar e dispoñer gastos correspondentes a contratos menores e demais gastos ata o límite permitido polas bases de execución do orzamento da Xerencia, así como recoñecer a obriga e ordenar todos os pagamentos, en ausencia do Xerente.
- n) A declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico e

- consecuente inscrición no Rexistro de soares e edificacións a rehabilitar.
- o) Exercer as funcións legalmente atribuídas ó Alcalde – Presidente da Xerencia para a incoación, instrución e resolución de procedementos administrativos na Xerencia Municipal de Urbanismo, así como para a adopción das medidas cautelares que procedan nos mesmos.
 - p) Resolver os recursos administrativos que se interpoñan contra as resolucións ditadas no exercicio destas delegacións, así como exercer sobre elas as facultades de revisión de oficio que lle competan ó Alcalde-Presidente.
 - q) Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire esta delegación.
 - r) Ordenar a publicación, execución e cumprimento dos acordos e resolucións de contido urbanístico.

Segundo.- Declarar que esta resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación do seu contido íntegro no BOP de Pontevedra e de que se dea conta da mesma ó Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no art. 44.4 do ROF (RD. 2568/1986). Publicarase tamén na sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Terceiro.- Deixar sen efecto calquera resolución anterior que teña sido ditada pola Alcaldía-Presidencia sobre delegacións de atribucións nesta materia; en particular, a «Resolución de rectificación de atribucións do Alcalde-Presidente para a súa adaptación á modificación dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo», asinada o 02.08.2010 (BOP nº 160, do 20.08.2010).

Cuarto.- Déase traslado de copia desta Resolución ós diferentes departamentos e servizos da Xerencia para o seu coñecemento e aplicación e insírase, para estes mesmos efectos, na intranet municipal.”

De todo o anterior, a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación

1.10.-(147).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE 12-07-2011, DE MODIFICACIÓN DE ANTERIOR RESOLUCIÓN (13-06-2011) DE ESTRUCTURACIÓN DE ÁREAS DO EQUIPO DE GOBERNO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 12 de xullo, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante resolución de data 13.06.2011, esta Alcaldía acordou a estruturación das distintas áreas executivas do equipo de goberno e delegou diversas atribucións, sendo modificada por resolución de data 01.07.2011.

De conformidade co sinalado nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 13.06.2011 no seguinte sentido:

- No apartado primeiro da resolución, no epígrafe II.- Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, no apartado d) en materia de réxime interior, avócase a competencia delegada especificada no parágrafo 1 respecto a “dirección e xestión das dependencias de informática” e no parágrafo 2 respecto ao “control nos consumos de teléfono” inclúese nas delegacións do epígrafe VII. Area de fomento, quedando co seguinte texto: “Corresponderanlle as atribucións en materia de Vías e Obras; Parque Móbil e Parque Central; Electromecánicos; Oficina de Supervisión de Proxectos; así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias. Corresponderalle a dirección e xestión de informática, Administración Electrónica e novas tecnoloxías e o control nos consumos de comunicacións; impulsar, dun xeito eficaz, as previsións contempladas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos dirixindo e planificando os procesos que para elo dende o Servizo de Informática teñan que levarse a cabo”.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós concelleiros delegados afectados.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede en coñecemento da mesma.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.11.-(148). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SESIÓN ORDINARIA 15-07-2011, REFERENTE Á COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

S. Ordinaria 26.06.11

ANTECEDENTES.- En sesión do 15 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“12(827).- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta da concelleira delegada de Contratación, do 14.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

O órgano de contratación do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, a teor do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), deberá ser asistida por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas (artigo 295.1 LCSP).

A Mesa estará constituída por un presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un secretario (artigo 295.2 LCSP). O secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quen teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-presupostario (artigo 295.3 LCSP).

Por imperativo legal so é necesario que a Mesa de contratación asista ós órganos de contratación das administracións públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 161.1. Nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncio de licitación (importes inferiores a 200.000 € nos contratos de obras e inferiores a 60.000 € no resto dos contratos) a constitución da Mesa será potestativa (artigo 295.1 en relación co 161.2 LCSP). Non entanto, a xuízo desta concellería, para mellorar a asistencia da Xunta de Goberno Local na conformación da súa vontade de adxudicación, resulta axeitado que a constitución da Mesa sexa preceptiva en todos os procedementos negociados sexa cal sexa o valor estimado da contratación a realizar, é dicir, requiran ou non requiran publicación de anuncio.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 295.3 LCSP).

A realización de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a

S. Ordinaria 26.06.11

previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 da LCSP.

A lei atribúe a competencia para iniciar os expedientes de contratación ó órgano de contratación, que deberá motivar a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 (artigo 93 da LCSP). En aras de lograr unha unha maior axilidade na tramitación dos mesmos, esta competencia pode ser delegada nos concelleiros de Area.

En mérito ó que antecede, propónse á xunta de goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro,- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, órgano colexiado de asistencia e proposta en materia contractual, estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

D^a. Raquel Díaz Vázquez, Concelleira de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación.

Suplentes: D. Carlos López Font, D. David Regades, D^a. M^a Jesús Lago Rey, D. Manuel Fernández Pérez,

Vogais:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.

Suplentes: D. Isaura Abelairas Rodríguez, Cayetano Rodríguez Escudero, Ángel Rivas González.

D. Antonio Bernárdez de Dios.

Suplentes: D^a. Teresa Egerique Mosquera

D^a. Iolanda M^a Veloso Ríos.

Suplente: D. F. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro.

Titular da Asesoría Xurídica: D^a. Margarita Parajó Calvo, técnica de administración xeral.

Suplentes do titular da Asesoría Xurídica na Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

Don Pablo Olmos Pita, Técnico de administración xeral, letrado da Asesoría Xurídica.

Dona Susana García Álvarez, Técnica de administración xeral, letrada adxunta ao xefe do servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica.

Don Xesús Costas Abreu, Técnico de administración xeral, letrado xefe deste último servizo.

Interventor Xeral:

Suplentes do Interventor Xeral na Mesa de Contratación do Concello de Vigo:
Dona Catalina Alfayate Rodriguez, Técnico de fiscalización e control financeiro
Dona Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.
Don Javier Muradas Blanco, Técnico Medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral.

Secretario Xeral do Pleno.

Suplente: Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno.

Xefe do servizo xestor do expediente que se trate ou persoa na que delegue.

Secretario:

D. José Manuel Vieites Alén, Xefe da oficina administrativa de Contratación.

D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, técnica de administración xeral.

Suplentes: D^a. Sela Bernárdez Gil, técnica de administración especial do Servizo de Patrimonio, e D. Lucio Varela Borreguero, técnico de administración xeral.

Segundo.- En casos de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes.

Terceiro.- A Mesa de Contratación constituirase preceptivamente ó obxecto de formular proposta de adxudicación en todos os procedementos negociados requiran ou non publicación de anuncio. Será a Mesa a que negocie os aspectos económicos e técnicos do contrato.

Cuarto.- Delégase nas distintas concellarías delegadas e nos delegados de áreas membros da Xunta de Goberno Local a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente. Das adxudicacións acordadas darase conta á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Cando nos procedementos abertos ou restrinxidos se atribúa a criterios que dependan dun xuízo de valor unha puntuación superior ós criterios avaliábles automaticamente por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, a Xunta de Goberno Local nomeará un Comité de Expertos dun mínimo tres membros con cualificación adecuada non integrados na dependencia ou servizo proponente do contrato. A Mesa, previas as aclaracións que estime pertinentes, incorporará a puntuación do Comité á puntuación posterior que realice dos criterios de aplicación automática resultando de todo elo a avaliación das distintas ofertas.

Sexto.- Nos procedementos de diálogo competitivo incorporaranse á Mesa de Contratación persoas cualificadas na materia sobre a que verse o diálogo designadas pola Xunta de Goberno Local nun número igual ou superior ó terzo dos membros da Mesa. Participarán nas deliberacións con voz e voto.

Sétimo.- Instase á área municipal de Servizos Xerais a dotarse dos medios persoais e materiais adecuados ó obxecto de que a Oficina de Supervisión de Proxectos dea exacto cumprimento do sinalado no art. 109 da LCSP. O informe desta Oficina, previo á aprobación técnica do proxecto, será preceptivo respecto daqueles cuxa contía sexa superior a 300.000.- € e dean lugar a un posterior contrato de obras.

Oitavo.- Instase ós Servizos de Administración Electrónica e de Contratación a garantir e promover a implantación definitiva da denominada contratación electrónica.

Noveno.- Instase a Área de Contratación a elevar á Xunta de Goberno Local no prazo dos seis meses seguintes á adopción deste acordo, pregos-tipo para os distintos procedementos de adxudicación e para os diferentes contratos nomeados.

Décimo.- Delegar no Alcalde e nos concelleiros de Área mencionados na resolución da Alcaldía do 13 de xuño de 2011, a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas áreas obxecto da súa competencia. Previamente á resolución de inicio do expediente motivarase a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 da Lei de contratos do sector público.

Décimo primeiro.- Notificar, a través do Servizo de Contratación o presente acordo ós interesados, proceder a súa publicación no BOP e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.12.- (149).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas e 28 de abril e 21 de xullo de 2011.

1.13.-(150).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de abril e 21 de xullo de 2011.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.-(151).- MOCIÓN DO GM DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A APLICAR PARA O ANO 2012 UN 0% DE SUBA NOS IMPOSTOS E TAXAS MUNICIPAIS. (244/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Pleno do 13 de xullo, número 244/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Bravo Bosch, formula a seguinte moción:

“A crise económica que estamos a padecer xa hai moito tempo, na que as propostas que se fan dende o goberno non están a dar ningún resultado -tal como sinalan todos os organismo internacionais- obríganos a unha profunda reflexión sobre a necesidade de evitar unha maior presión fiscal ás familias e en xeral a toda a sociedade civil, castigada en exceso por mor dunha crise non anunciada senón chegada de súpeto que afogou o aforro cotiá e, aínda máis, provocou un maior endebedamento das familias como consecuencia dos menores ingresos que están a percibir directamente en relación con medidas

económicas adoptadas que polo de agora non ofrecen ningún resultado. Ademais, dende o Partido Popular pensamos que se debe apoiar de xeito especial nestes momentos ás PEME, nunha situación financeira moi delicada especialmente no sector naval- apoiando con reducións impositivas que sirvan de estímulo para a economía viguesa.

De acordo con estas premisas, dende o Grupo municipal do Partido Popular apostamos pola conxelación impositiva e por isto propoñemos que para o ano 2012 non se suban os impostos e taxas municipais, aplicándose polo tanto o 0% que entendemos poden asumir as arcas municipais de seren rigorosos nos orzamentos e na contención do gasto público.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno municipal a aplicar para o ano 2012 nos impostos e taxas municipais un 0% de suba.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 18 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. BRAVO BOSCH: Logo das mocións que escoitei a verdade é que están a laiar todo o tempo contra o Goberno autonómico e a ilusión de presentar unha moción con moitos argumentos cáese porque seguro que van traer a colación todo o que lles pareza doutros gobernos municipais, pero a todos nós o que nos interesa é o goberno que nos ocupa que é o de Vigo.

Como concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular no Concello de Vigo o que pretendemos con esta moción é precisamente pedirlle ao Pleno da Corporación que se inste ao Goberno municipal a aplicar para o ano 2012 nos impostos e taxas municipais un 0% de suba.

Que eu fale da crise no nome do meu grupo non ten ningún mérito porque é unha cousa que xa está moi coñecida por todos, aínda que durante moito tempo o Goberno de España rexeitou que existira esta crise.

Todas as propostas que se están a facer dende o Goberno Central non están a dar ningún resultado tal e como sinalan todos os organismos internacionais, o que nos obriga a unha profunda reflexión sobre a necesidade de evitar unha maior presión fiscal ás familias e en xeral a toda a sociedade civil.

Hai un intre falouse do sector naval, das PEME, nunha situación financeira moi delicada. Nesta moción tamén facemos unha pequena alusión dicindo que se

deben apoiar con reducións impositivas que sirvan de estímulo para toda a economía viguesa. Vigo, como cidade industrial que é, necesita un apoio moito máis grande que outras que quizais teñen máis apoio da administración.

As familias e en xeral toda a sociedade civil, teñen unha crise no aforro cotiá que non poden chegar a fin de mes. Sei que se me pode dicir que os incrementos que se farán serán tan só do IPC pero eu coido que cada goberno municipal ten que atender ás súas propias circunstancias económicas e financeiras. Neste caso coido que o Concello de Vigo debería adoptar medidas de racionalización e recorte ou mesmo supresión do gasto municipal noutras partidas superfluas. Niso felicito ao Alcalde que o pasado Día de Galicia non fixo o cóctel, o que pode parecer unha medida pequena pero pode ser tamén o comezo doutras medidas que deben ir nesa dirección.

Para nós o imprescindible é non aumentar a presión impositiva a todas as familias do Concello de Vigo dadas as circunstancias da crise actual.

En realidade non creo que o Goberno municipal vaia aprobar esta moción e ogallá me equivoque, pero se todos acordáramos nun sentido positivo esta moción para o vindeiro 2012, iría a prol de todas as medidas que se deben facer para todo o que significa a perspectiva financeira.

Mesmo lémbrolles as palabras do Sr. Rubalcaba que o outro día dicía na páxina do PSOE que había que comezar facer outras medidas económicas porque as que se fixeron non están de acordo coas circunstancias que se están a vivir agora mesmo. Digo máis, falaba de certas medidas que se tiñan que tomar como novos cambios nos plans urbanísticos. No artigo 140 da nosa Constitución fálase da autonomía do municipio pero aínda así debemos pensar que a intención do Sr. Rubalcaba, se chega ser presidente da nación, será de acordo cos municipios chegar a acordos puntuais para frear esas desordes urbanísticas en todos os municipios.

Insisto en que espero que esta moción, que o único que procura é unha adecuación ás circunstancias actuais das familias dentro deste Concello de Vigo, sirva para estímulo de toda a economía da nosa cidade.

De verdade que espero que non haxa máis crispación porque non me gusta contestar así. Dicía Rabindranath Tagore. “A verdade non está de parte de quen

berra máis”.

SRA. VELOSO RÍOS: O BNG defende sempre en todas as administracións os servizos públicos, tanto no goberno como na oposición, porque o BNG pensa que manter servizos públicos axeitados ás necesidades da cidadanía son a única garantía de que todas as persoas, tamén aquelas con menos recursos e con menos poder adquisitivo, teñan acceso aos dereitos básicos e fundamentais.

Non é iso o que fai o Partido Popular e por iso sinto dicir que non resulta crible cando di que o que lle preocupa é a situación do Concello de Vigo e que o que busca é un acordo consensuado para a cidadanía de Vigo porque a realidade é que logo, cando o Partido Popular goberna, tanto no Estado, como na Xunta de Galicia, como nas Deputacións, non aplica esta mesma política dentro deses gobernos.

Si fai este tipo de solicitudes a oposición pero lamento dicir que non resultan cribles.

Fala da situación de crise. Nun momento de crise é máis preciso que nunca poder garantir os servizos públicos porque cando a xente está no paro precisa máis axuda das administracións para garantir o acceso á educación ou o acceso á sanidade de maneira igualitaria para todo o mundo. Non sei se queremos camiñar cara a situación de Romanía ou non, por certo un país da Unión Europea, pero dende logo o BNG non quere camiñar cara a situación dos Estados Unidos onde non existe o sistema sanitario público que garanta o acceso igualitario para todo o mundo a un recurso tan básico e fundamental coma é a sanidade.

Para garantir estes recursos públicos é preciso un sistema impositivo que os garanta e que ademais sexa non igualitario porque non se pode tratar de maneira igual ao que é desigual. Nós non pensamos que se trate ou non de aumentar a presión impositiva sobre todas as familias viguesas, como ven de dicir a Sra. Bravo. Non se trata diso porque para nós non debería pagar o mesmo unha persoa que cobra unha pensión de 400 euros ou un salario de 800 euros ao mes, que unha persoa que cobra un salario de 3.000 euros ao mes.

Ademais pensamos que o sistema impositivo ten que ser gradual e ten que garantir que os recursos públicos estean presentes pagando máis quen máis ten

e menos quen menos ten.

Calquera entende que un Concello ten que facer fronte a unha serie de gastos que cada ano soben porque cada vez que actualicemos un contrato haberá que facelo coa suba do IPC, igual que imos facer cada quen nos nosos recibos, nas nosas casas, e o PP o que pretende é que un Concello coma o Concello de Vigo que ten que prestar servizos a unha poboación tan importante coma a da nosa cidade, manteña un 0% de suba para todas as taxas e impostos e para todo o mundo. Non para as persoas máis desfavorecidas ou que máis o necesitan senón que para todo o mundo. Isto é absolutamente inviable e insostible.

O Partido Popular, que ademais ten responsabilidades de goberno noutras administracións, coma a Deputación ou a Xunta de Galicia, e lamento se lles parece mal que falemos do que fai o Partido Popular noutras administracións pero é que está a gobernar e tamén ten que gobernar para a cidadanía viguesa, imos supoñer que dende a Xunta de Galicia ou dende a Deputación vai compensar esta situación?

Pois xa vemos o que consiste este compromiso dende a Deputación que é comprometerse, non pagar e logo falamos se se da unha rolda de prensa ou non. Dende a Xunta de Galicia tamén todos estamos a ver cales son as políticas de apoio á cidadanía. Non só non conxelamos as taxas e impostos autonómicos senón que ademais inventamos novos impostos coma é o canon da auga polo que toda a cidadanía vai ter que pagar pola auga que use das traídas o que é un imposto encuberto, chámenlle como lle chamen, aínda que lle chamen canon. Esa é a realidade.

Logo tamén pedimos achegas abusivas dende o Consorcio aos Concellos sen ter en conta os gastos que xa se fan nos concellos para garantir os recursos públicos, que por certo non garante a Xunta de Galicia.

Xa sabemos cal é a austeridade do PP, é moi doado pedir que se conxelen as taxas e os impostos, mesmo anunciar que se van suprimir con sinaturas perante notario. Iso xa o sabemos e xa se demostrou nesta cidade, pero isto é insostible e se queremos garantir a atención á cidadanía viguesa non podemos aceptar este tipo de propostas que son completamente demagóxicas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Comparto totalmente as verbas da representante do Bloque Nacionalista Galego. Vou partir dende o texto e as verbas da Sra. Bravo. Di que con motivo da crise económica todos deberíamos facer unha profunda reflexión sobre a necesidade de evitar unha maior presión fiscal ás familias e en xeral á sociedade; por iso propoñen que non se suban os impostos e taxas para ser así rigorosos nos presupostos e na contención do gasto.

Eu podo entender a filosofía de que hai que reflexionar e hai que pensar cal é a mellor maneira de atender á cidadanía, de prestar os servizos básicos sen ter que recorrer á maior presión fiscal, por suposto. Pero tal como dicía a Sra. Veloso quizais na Xunta non estean reflexionando e quizais noutros concellos onde goberna o Partido Popular tampouco o están a facer. Ou non reflexionan ou realmente son uns “*manirroto*” nos presupostos e na contención do gasto público porque hai uns días soubemos que a Xunta está subindo os impostos ás familias nun 30% e aquí tamén falamos de familias viguesas. Se á Xunta de Galicia e ao Partido Popular lles importaran os cidadáns de Vigo non poderían subir os impostos un 30% como están a facer.

Non é o único, como dicía a Sra. Veloso tamén falamos do canon da auga, tamén está a crear un canon sobre o lixo pero, iso si, vaino poñer no recibo do lixo que saia dende o Concello para que todo o mundo crea que é o Concello quen fai a suba. Está a facelo nas taxas universitarias, nas taxas das escolas infantís... Polo tanto non falemos da Xunta. Iso é o que di o Partido Popular porque lles cae a cara de vergoña dicir aquí un 0% e logo admitir que eles están a subir un 30%.

Iso si, a reflexión que quitou o Sr. Feijóo é que isto é útil e necesario. Será útil e necesario para o Partido Popular en Galicia subir os impostos, entre outros aos vigueses, nun 30%.

Podería seguir por exemplo co Concello de Madrid que está a aumentalos nun cinco e pico por cento; podería seguir con Valencia que xa os aprobou en Xunta de Goberno Local, iso si, alí gobernan. Como dicía moi ben a Sra. Veloso, alí onde gobernan propoñen cousas completamente distintas a onde non gobernan. É moi fácil dicir “cero”, se queren asinámolo, pero outra cousa é gobernar e onde vostedes gobernan non só non cumpren o que din senón que aínda por riba se pasan. Xa nin sequera están actualizando o IPC onde gobernan, están

aumentando os impostos, están aumentando a presión fiscal.

Pregúntome se o Sr. Feijóo leu isto porque se é así supoño que non o compartiría porque aquí di que hai que evitar unha maior presión fiscal; si, por suposto, pero aquí quen demostrou que non aumentou a presión fiscal foi precisamente este goberno que nos catro anos que estivo gobernando foi o que fixo unha maior redución da presión fiscal e non a todo o mundo, precisamente máis aos máis necesitados.

Pódolle citar a lista de medidas que aprobou este goberno para reducir a presión fiscal: unha diminución nas taxas de servizos de asistencia domiciliaria, un desconto do 3% no IBI, bonificacións do 75% nos vehículos ecolóxicos, exencións na taxa do lixo para maiores de 65 anos que vivan sós, exencións para vítimas de violencia de xénero, exencións para familias monoparentais. E tamén para empresas porque nós pensamos nas familias e nas empresas.

Foi este goberno e non o Partido Popular quen decidiu a taxa cero nas terrazas de todo o sector da hostalería e está a beneficiarse todo ese sector. Foi este goberno quen decidiu a taxa cero en licenzas urbanísticas. Foi este goberno quen decidiu que se melloraran e ampliaran as condicións para que unha empresa puidera ser declarada de “interese municipal” e así poder acollerse a maiores bonificacións fiscais.

Esas foron as decisións deste goberno liderado polo alcalde Abel Caballero. Diminución de presión fiscal. Iso é o que fixemos catro anos e a iso é ao que nos comprometemos nos próximos catro anos. Demostrámolo, esa é a diferenza co Partido Popular que nunca demostrou que diminuíra a presión fiscal, todo o contrario, pola porta traseira subida de impostos nun 30%, creación do canon da auga, creación do canon do lixo, subas de taxas universitarias. Pola porta de atrás como lles gusta, porque son dos que a man dereita non saiba o que fai a man esquerda e iso saben facelo moi ben.

De súpeto nos plantan unha lei que afecta a todos os vigueses e agora, cando se morra un pai e o seu fillo teña que herdar, vai ter que pagar un 30% máis por a transmisión desa vivenda. E cando unha muller quede viúva vai ter que pagar un 30% pola súa vivenda. Iso é o que están a facer.

SR. BRAVO BOSCH: Para responder ao BNG, había ese dito que dicía; aínda que eu non creo nas meigas habelas hainas, pero non creo que adiviñar o proxecto de futuro sexa o máis doado nestes momentos, cando os máis importantes economistas non foron quen de saber que ía acontecer con esta crise.

A demagogia fana vostedes decote porque é un vocábulo grego que consiste en “...dirixir ao pobo con afagos e sentimentos elementais con tal de acadar manterse no poder”, que é o que vostedes nos catro anos anteriores fixeron e quen sabe se logo do verán volverán facer.

A min non se me cae a cara de vergoña nin moito menos, estou moi orgullosa de pertencer ao partido Popular e mesmo que o meu partido teña a posibilidade no futuro de gobernar no Reino de España e quizais que consigamos saír desta crise. Vostedes sempre falan dos gobernos de fóra, non falan de Vigo. Sempre están a falar dos gobernos autonómicos de España e por que non, de Europa e de todas as medidas que veñen dende Europa e como nos ven, coma un país que non é quen de responder a ninguén.

Logo deste panfleto electoral pouco se lle pode dicir, pero me gustaría que me explicara, mesmo logo porque non poderá facelo agora, por que Aragón aprobou en segredo unha paga para deputados en paro, unha indemnización por cesantía de 3.000 euros por cada ano que o deputado en cuestión fose parlamentario ata chegar a un máximo de dezaseis. Deberá apuntar se o INEM certificou a súa baixa na Seguridade Social, está o PSOE, o PAR e o CHA e ningún do Partido Popular.

De que están a falar? Hai moita xente na administración autonómica e na local e en moitas administracións que nin sequera gañan mil euros e estes deputados que nin sequera teñen outro traballo, o argumento é que é de xustiza para que poidan ter unha prestación de desemprego por un período de tempo para poder refacer a súa vida. Pois que o fagan igual con toda a xente de Vigo que está a pasalo tan mal.

Sempre estamos co mesmo, temos que tapar e atender a quen estiveron na vida política pero aos que están na vida civil non se lles fai nada. Dicía Einstein que nos momentos de crise só a imaxinación é máis importante que o coñecemento. E Rubalcaba, que seguro que a ese si que o coñecen mellor, que “...no momento

de políticas retributivas imos facer un novo imposto de patrimonio que grave aos patrimonios que realmente existen porque anteriormente trabucáramos ao facer a supresión nese imposto de patrimonio”.

Se se trabuca o seu candidato e vaise facer unha medida nova, significa que a supresión non se fixo ben.

(Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Porro Martínez do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Bravo Bosch, instando ao Goberno municipal para o ano 2012 un 0% de suba nos impostos e taxas municipais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

5.- (152).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, INSTANDO A APERTURA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 22 de xullo, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formula o seguinte rogo:

“Desde que o Ministerio de defensa en xaneiro de 2004 vendera os terreos da ETEA a Zona Franca, o BNG ven denunciando reiteradamente a irresponsabilidade do Consorcio por permitir o deterioro das instalacións deportivas da ETEA e reclamando a apertura das instalacións.

En setembro do ano 2004 xa o BNG presentaba unha moción solicitando que as instalacións deportivas (piscina ,campo de fútbol, polideportivo, ximnasio, pistas, multiusos...), pasasen ao Concello de Vigo, a través do IMD e da concellería de Deportes, para paralizar o deterioro que viñan sufrindo e ampliar a oferta deportiva para a cidadanía de Vigo, especialmente para a veciñanza de Teis .

En marzo de 2009 os concelleiros e concelleiras do BNG ausentámonos da reunión da Xunta de Goberno Local para non ratificar o convenio de cesión das instalacións da ETEA por non contemplar que Zona Franca entregara en perfecto estado de uso as instalacións deportivas.

En febreiro de 2009 o BNG non votaría a favor do convenio entre o Consorcio, a Xunta e o Concello de Vigo porque no citado convenio non figuraba a achega necesaria para a cesión das instalacións en perfecto estado de uso. Un acordo posterior entre o Consorcio e o Concello de Vigo implicaba unha compensación por parte do Consorcio duns 860.000 euros para reparar e poñer en uso as instalacións deportivas.

Para o BNG esta cantidade era claramente insuficiente na medida en que a cantidade estimada nunha memoria valorativa encargada pola Concellería de Deportes ascendía a 2.100.000 Euros, cantidade mínima esta para garantir que as instalacións quedaran en estado óptimo para o seu uso e goce, e puideran cumprir as distintas normativas referidas, entre outras instalacións necesarias, as caldeiras, bombas de calor, climatizadores, instalación eléctrica ou instalacións sanitarias.

Por todo o dito e sendo coñecedores que desde a Concellaría de Vías e Obras do anterior Goberno Municipal se abordou a remodelación das instalacións, e facéndose eco do sentir dos veciños e veciñas de Teis, o BNG propón ao Goberno Municipal a seguinte proposta de actuación:

Proceder á apertura inmediata, en perfecto estado de uso, das instalacións deportivas (campo de fútbol, piscina, pavillón deportivo...) situadas nas antigas instalacións da ETEA no barrio de Teis.”

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO PÉREZ: Dende que o Ministerio de Defensa, en xaneiro de 2004, vendera os terreos da ETEA á Zona Franca, o BNG ven denunciando reiteradamente a irresponsabilidade do Consorcio por permitir o deterioro das instalacións deportivas e tomou unha serie de iniciativas para que a veciñanza de Vigo e concretamente a de Teis, recuperasen estas instalacións.

Como sabemos que o goberno anterior a través da Concellería de Vías e Obras abordou unha remodelación nas instalacións, neste intre estámonos a facer eco dunha demanda da veciñanza de Teis, que supoño que o goberno tamén terá enriba da mesa, de que se proceda á apertura inmediata das instalacións deportivas en perfecto estado de uso, campo de fútbol, piscina, pavillón deportivo, situadas nas antigas instalación da ETEA no barrio de Teis.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo e contestaráselle por escrito.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA, RELATIVO AO BANCO DE ALIMENTOS.

INTERVENCIÓN DA SRA. LARRIBA LEIRA: Como todo o mundo coñece, unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea vai supoñer unha drástica redución da cantidade de alimentos que se distribuirán a partir do ano 2012 nun 75%. Isto vai significar para Vigo que 15.000 veciños que se benefician destas axudas alimentarias van pasar de percibir cinco quilos de alimentos por persoa e mes a un só quilo.

Polo tanto eu pediría do goberno da cidade que con carácter urxente se adopten as medidas que sexan necesarias para que a Fundación Banco de Alimentos de Vigo poida seguir prestando de xeito suficiente, como viña facendo ata o de agora, unha axuda básica aos veciños coma é a alimentación.

A PRESIDENCIA: Ese é o texto dunha moción que vostedes presentaron. Cando se inclúa moción debaterase e votarase.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.